



**Observatorio Galego
de Dinamización Demográfica**

Incidencia da actual crise socio sanitaria sobre a dinámica demográfica en Galicia

Informe que presenta ao Parlamento
de Galicia o Observatorio Galego de
Dinamización Demográfica

Xaneiro de 2021

Colección informes



XUNTA
DE GALICIA

Incidencia da actual crise sociosanitaria sobre a dinámica demográfica en Galicia.

Elabora:

Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.


Edita:

Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

© da edición, Xunta de Galicia. 2022.

© do texto, Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. 2021.

<https://libraria.xunta.gal>



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Maquetación: alamces

Observatorio Galego de Dinamización Demográfica

Incidencia da actual crise sociosanitaria sobre a dinámica demográfica en Galicia

Informe que presenta ao Parlamento de Galicia o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, xaneiro de 2021

Coordinadora:

María Xosé Rodríguez Galdo

Equipo de Coordinación

José Francisco Armesto Pina

Ramón Barreiro Carnota

Luis Domínguez Castro

Miguel López Crespo

María Cristina López Diéguez

Miguel Malvido Cabirto

Isabel Martínez Pellicer

José Francisco Méndez Castro

Carmen Adela Sabio Sanz



Índice

1	Presentación.	9
2	Galicia no contexto do cambio demográfico mundial. Unha aproximación aos efectos demográficos da actual crise sociosanitaria.	15
	Os factores que impulsan o cambio demográfico	15
	Consideracións acerca do crecemento da poboación	51
	Unha aproximación aos efectos demográficos da actual crise sociosanitaria	55
3	Análise Dafo-Came sobre a incidencia da crise na dinámica demográfica en Galicia	67

1

Presentación

No ano 2018 o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica (OGDD) elaborou e presentou para a aprobación do seu Plenario un primeiro informe (*Galicia, perspectivas demográficas*, xullo de 2018) cunha diagnose da nosa dinámica poboacional. O devandito Informe complementaríase cun segundo documento (presentado en decembro dese mesmo ano 2018 co título de *Galicia perspectivas demográficas. Segunda parte.-Análise DAFO e CAME*) que buscaba ofrecer unha serie de conclusións axustadas á realidade demográfica de Galicia para o que nos serviamos da ferramenta de análise DAFO, que completabamos coa matriz CAME¹.

No citado traballo deste Observatorio de Dinamización Demográfica quedou patente que Galicia, como o conxunto de España, completou hai décadas o seu proceso de transición demográfica e segue a estar inmersa na serie de transformacións características da segunda transición demográfica ligadas ao incremento da mobilidade e a importantes cambios sociais, económicos e de valores, que entrañan unha crecente diversificación e complexidade nas traxectorias de vida individuais e familiares. Procesos que se están a vivir cunha inusitada rapidez. Neste marco, de seu xa dominado por tan profundas transformacións, sitúase a inesperada irrupción da actual pandemia de Covid-19, como fora declarada pola Organización Mundial da Saúde (OMS) o 11 de marzo de 2020.

A acelerada sucesión de cifras cada vez máis avultadas de morbilidade e mortalidade² e a, deseguida, aparición de profundas consecuencias sanitarias, económicas e sociais, con indicadores de recesión que non se coñecían desde hai moitas décadas, acrecentaron o interese da cidadanía e dos seus representantes políticos así como de diversos colectivos profesionais e académicos pola súa análise e medios de facerlle fronte, no presente e no inmediato futuro. Ninguén puido prever nos comezos do 2020 os terribles estragos que esta enfermidade había causar entre a nosa cidadanía. Afectounos neste ano pasado e nos está a afectar nestes inicios de 2021 en todos os aspectos, desde como interactuamos a como traballamos e como nos expomos ao futuro.

1 É ben coñecido que o método de análise DAFO permite captar e coñecer, de forma concreta, cales son as debilidades, as ameazas, as fortalezas e as oportunidades dunha organización, institución, proxecto ou situación persoal ou colectiva (podéndose aplicar a distintos ámbitos e niveis territoriais). Á súa vez a matriz CAME permite visualizar as medidas que se consideran máis axustadas para corrixir as debilidades, afrontar as ameazas, mellorar as fortalezas e explotar as oportunidades.

2 A finais de marzo de 2020, había no mundo 500.000 persoas enfermas de covid-19 e algo menos de 75.000 falecidas. Actualmente, xaneiro de 2021, hai máis de 76 millóns de persoas contaxiadas e dous millóns de persoas mortas.

A instancias do Parlamento de Galicia³ tentamos aquí, como Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, realizarmos unha achega, sequera sexa parcial e limitada pola fraqueza dos datos actuais, á incidencia da actual crise sociosanitaria sobre a dinámica demográfica en Galicia. A nosa arela é a de contribuír coa teoría e análise do que sucede no eido do estudo da poboación á intervención real no que pasa. Somos conscientes de que estamos a vivir un momento moi complexo, se ben esta situación non é nova para a humanidade⁴ porque a enfermidade e a loita fronte á morte evitable forma parte intrínseca da nosa historia, agravado porque as nosas actuais formas de vida permitiron que a Covid-19 se estendera cunha virulencia que non se vira nin coa epidemia de gripe de 1918 (aínda que a letalidade non sexa comparable), o que explica que a sociedade estea afundida no medo, na ansiedade e na incerteza.

Unha das leccións que nos depara a situación crítica que estamos a atravesar é a de incrementar a nosa conciencia acerca de que vivimos nunha comunidade interdependente, e que a dinámica poboacional, a nivel global, inter actúa con practicamente todas as dimensións da discusión pública sobre a pandemia e dá forma á proxección do que sexa que estea por vir. A este respecto é de interese observar que un recente Informe da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre os efectos do cambio demográfico⁵, se inicia, como non podería ser doutro xeito neste momento tan crucial, con acaídas referencias á situación sociosanitaria provocada pola pandemia actual. “A pandemia da COVID-19 -recóllese no Informe -transformou Europa e o mundo nun dicir amén. Puxo a proba os nosos sistemas sanitarios e de protección social, así como a nosa resiliencia económica e social. Terá repercusións duradeiras na maneira en que vivimos e traballamos xuntos, que persistirán mesmo cando o virus desaparecese. E a pandemia golpeounos nun momento no que Europa xa estaba inmersa nun profundo proceso de transformación a través de cambios climáticos, sociais e demográficos”.

A irrupción da pandemia, como nos lembraba o Informe da Comisión Europea, “puxo a proba os nosos sistemas sanitarios e de protección social, así como a nosa resiliencia económica e social”, nun momento reiteramos no que se estaba a vivir unha situación nova derivada do fin do crecemento vexetativo e marcada por cambios en profundidade na estrutura de idades, con implicacións que afectan ao conxunto da sociedade.

Nunha conxuntura, que esixe enfrontar a pandemia xunto co reto da xestión do cambio demográfico, precísase máis que nunca da visión sistémica que presidiu a creación do noso Observatorio o que nos insta á utilización de modelos demográficos que expliquen os cambios dos tempos actuais, o que entraña ir máis alá da mera descrición, nun momento dado, do comportamento das variables vitais, e penetrar así no que constitúe o obxectivo central da análise demográfica: a explicación dun sistema demográfico que se mantén e evoluciona no tempo, que se autorreproduce, e que esixe non limitar o sistema reprodutivo humano a unha mera cuestión de nacementos subordinando, cando non excluindo, unha compoñente fundamental como o é o tempo de vida⁶.

Pór o acento no tempo de vida lévanos directamente á observación do que se enfatiza no Informe comunitario cando salienta que “o cambio demográfico incumbe ás persoas e ás súas vidas. Incumbe ao que facemos, a como traballamos e ao que denominamos o noso fogar.

Incumbe ás nosas comunidades e á forma en que vivimos xuntos. Incumbe ao feito de axuntar a variedade de persoas e de contornas que enriquecen e configuran as nosas sociedades, fannos máis fortes e converten en realidade o lema da UE Unida na diversidade. Isto é máis necesario que nunca. A medida que imos saíndo amodo e con prudencia do confinamento imposto en toda Europa -lembramos que o Informe foi presentado en xuño de 2020-, a situación puxo de relevo a importancia de comprender e

3 Petición de informe solicitado polo Presidente do Parlamento de Galicia con data de 5 de novembro de 2020.

4 Nestes tempos cómpre recordar que antes da Covid-19, o mundo se batera contra outras pandemias e continúa loitando contra multitude de enfermidades que hoxe provocan millóns de mortes en todo o mundo (pensemos na malaria ou na tuberculose que son endémicas en moitas partes e causan millóns de mortes ao ano).

5 Bruselas, 17.6.2020

6 Decatémonos de que o tempo de vida das persoas é o que constitúe o cerne da demografía. Un tempo que discorre en torno ao momento en que se suceden dous acontecementos elementais na vida humana, o nacemento e a morte e o momento histórico en que se producen.

abordar os efectos do cambio demográfico na nosa sociedade. Este labor terá que terse en conta á hora de emprender a recuperación de Europa e de extraer as leccións pertinentes, xa sexa, entre outros moitos aspectos, na dimensión social e económica ou na saúde e nos coidados de longa duración⁷. Nas últimas semanas e meses, o vínculo entre estruturas demográficas, por unha banda, e efectos da crise e potencial de recuperación, por outra, quedou patente de maneira moi acusada e a miúdo dolorosa”.

Non sorprende, dada a dimensión da pandemia, que os debates científicos do momento entren necesariamente de cheo no campo da demografía, situados como están na intersección entre o biolóxico e o social. É ben sabido, como nos aproximan os datos mundiais que se nos veñen ofrecendo case que en tempo real⁸, que a estrutura por idades da poboación inflúe no comportamento da pandemia en cada país, ao igual que a relación entre xeracións en termos de contacto cotián, estratexias de coidado e o tema tan sensible de formas de residencia das persoas maiores, tanto no eido familiar como no externo. Ademais, os fluxos de mobilidade da poboación ao longo do planeta, parte importante da investigación demográfica máis habitual, son clave para comprender a peculiaridade do desenvolvemento da pandemia respecto a fenómenos similares do pasado. E a reacción fronte á enfermidade ten á súa vez consecuencias sobre a mobilidade, con efectos que cambian a gran ritmo. Sen esquecer o significado da distribución da poboación no territorio: a densidade poboacional dun planeta cada vez máis urbano é determinante para comprender como chegamos ata aquí. E resulta obrigado agregar máis dimensións críticas, como a desigualdade social, a vulnerabilidade ou o acceso, aínda non universal, á tecnoloxía dixital.

En todo caso, como deixamos apuntado, a dinámica poboacional a nivel global interactúa con practicamente todas as dimensións da discusión pública sobre a pandemia e dá forma á proxección do que sexa que estea por vir, entre o que se recolle, no campo estrito do comportamento das variables vitais, caídas da fecundidade e freos na esperanza de vida.

Unha das leccións que nos depara esta situación en tantos sentidos pavorosa, é a de confirmarnos que vivimos nunha comunidade interdependente, con ou sen crise sanitaria; e para lembrar que o noso benestar e as nosas propias vidas son produto da vida política que compartimos. Esta confirmación, sumada á crecente complexidade e incerteza do contexto, esíxenos fortes doses de compromiso e acceso a información de calidade.

En palabras plasmadas no Informe da Comisión Europea “a xestión dos efectos do cambio demográfico a longo prazo ten múltiples facetas: como xestionamos a nosa sanidade pública, os nosos orzamentos públicos ou a nosa vida pública, pero tamén como abordamos problemas como a soidade, os coidados na comunidade e o acceso a servizos vitais. Facer fronte a estes problemas será importante para o éxito da recuperación e determinará a velocidade e o alcance da reconstrución da nosa vida cotiá, as nosas redes sociais e a nosa economía. A máis longo prazo, preséntase ante Europa a oportunidade de construír unha sociedade máis xusta e máis resiliente”.

O cambio poboacional enfronta as nosas sociedades con grandes retos, pero ningún difícil de solucionar se se habilitan os instrumentos de análise e de acción oportunos. Non se está a falar de cambios demográficos “novos”, pero si de que “a diferenza nas nosas vidas- e son palabras da Comisión europea- se está deixando sentir de maneira máis aguda”. Cómpre irse preparando para abordarmos este cambio o que será aínda máis importante cando o mundo, Europa e cada unha das rexións comunitarias “inicien -lembra a UE no seu citado Informe- o seu camiño cara a recuperación. Manter o centro de atención na dobre transición ecolóxica e dixital -salienta o documento comunitario- ha contribuír a achegar moitas das solucións innovadoras e sustentables que precisamos para facerlle fronte aos efectos do cambio demográfico”.

Cóidase que quizá a pandemia que estamos a vivir nos obrigue a espertar do noso soño “occidental”, que considerou a natureza como da súa propiedade, os avances tecnolóxicos como único indicador de progreso e a riqueza individual como o valor social predominante.

⁷ O suliñado é noso

⁸ É de salientar a colaboración dos medios de comunicación ao reproducir deseguida os datos dos institutos estatísticos, administración ou de centros de investigación.

Dentro do contexto máis amplo da crise ambiental á que se facía referencia no citado documento comunitario, a crise do coronavirus que estamos a atravesar e os problemas derivados da xestión e da forma de entender a saúde pública que esta crise leva de seu, constitúen unha proba incontestable de que se necesita un cambio de rumbo na nosa forma de vida. En contra do que vén sendo opinión xeneralizada, este cambio non pode ser puramente tecnolóxico, senón que ten que ir acompañado dun cambio educativo e cultural, como se reclama desde moi diversas instancias.

Nestes tempos nosos actuais nos que a pandemia do coronavirus está sacando á luz, e mesmo agudizando, algunhas das tendencias entrañadas nas sociedades, prestándolles unha visibilidade da que carecerían ou non se percibía antes en toda a súa dimensión, faise preciso comezar por unha renovada lectura das consideracións sobre o cambio demográfico en Galicia realizadas no Informe de 2018. Pero sinalemos tamén xa nesta presentación que unha das máis relevantes leccións da pandemia apunta a necesidade de reforzar a gobernanza⁹, asumindo pública e privadamente maiores cotas de responsabilidade á hora de asegurar o benestar persoal e colectivo. Nesta liña urxe, por outro lado, xerar e potenciar valores compartidos que beneficien o conxunto da sociedade civil, a iniciativa privada, o mundo académico e o sector público creando un ecosistema que permita a superación da experiencia inédita, e moitas veces frustrante, orixinada por unha pandemia que se pensaba allea a un mundo supostamente dominado polo coñecemento técnico e científico e polos continuos avances médicos.

Verbo da estrutura deste Informe cómpre engadir que, tras o capítulo de Presentación, o amplo capítulo dous (Galicia no contexto do cambio demográfico mundial. Unha aproximación para os efectos demográficos da actual crise sociosanitaria) se pensou como soporte explicativo que sustentase as achegas presentadas no DAFO-CAME que conforma o capítulo 3, Análise Dafo-Came sobre a incidencia da actual crise sociosanitaria na dinámica demográfica en Galicia.

9 O Dicionario da RAE define gobernanza como “Arte o maneira de gobernar que se propón como obxectivo o logro de un desenvolvemento económico, social e institucional duradero, promovendo un sano equilibrio entre o Estado, a sociedade civil e o mercado de la economía”.

2

Galicia no contexto do cambio demográfico mundial. Unha aproximación aos efectos demográficos da actual crise sociosanitaria

Galicia, obviamente como a maior parte do mundo occidental, vese afectada polos profundos cambios demográficos que caracterizan o momento presente e sobre os que está a incidir a pandemia da COVID-19. Asístese nos países da nosa contorna económica e cultural ao fin dunha etapa excepcional na nosa historia demográfica de forte crecemento vexetativo, que, cabe recordar, no caso concreto de Galicia se vira minorado pola riada emigratoria tanto exterior (América e Europa principalmente), como con destino a outras zonas españolas.

Asístese, por outra parte, a nivel mundial a unha cambiante proporción de adolescentes e xente adulta “moza” na pirámide de idades da poboación do planeta, xunto a unha maior lonxevidade e envellecemento poboacional, a un acelerado cambio familiar e unha diminución do tamaño dos fogares, a unha urbanización acelerada do espazo e ao incremento da mobilidade.

Os factores que impulsan o cambio demográfico

As profundas alteracións que viñeron afectando os principais axentes da dinámica da poboación (nacementos e defuncións) condicionaron tanto a evolución da poboación como a súa estrutura e características básicas. Abundante material empírico corrobora que os comportamentos de ambas variables están profundamente interrelacionados e que mortalidade e fecundidade se constitúen nos principais determinantes do cambio demográfico que, a súa vez, entraña modificacións de aspectos esenciais da vida persoal (con cambios notables no curso de vida), así como da vida social e económica.

O mundo continúa experimentando a máis significativa transformación demográfica da historia da humanidade. Os cambios na lonxevidade e fecundidade, xunto coa urbanización e a migración, son forzas poderosas que modelan o noso futuro demográfico e presaxian importantes consecuencias sociais, políticas, económicas e ambientais. Os retos son enormes, aínda que, queremos pensar, superables. Como reproduce o Informe da UE antes citado “a adecuación do comportamento, as innovacións tecnolóxicas e os cambios das políticas e institucións teñen un potencial considerable para neutralizar as consecuencias negativas e facer realidade as promisorias oportunidades que se abren, pero a súa implementación esixirá- téimase no devandito Informe- recursos financeiros e un firme liderado nacional e mundial. É improbable que os peores temores asociados co rápido crecemento e o envellecemento das poboacións se materialicen, pero requírese un gran labor de análise, debate, adaptación do comportamento e reforma das políticas -na esfera tanto pública como privada- antes de poder afirmalo con certeza”.

Maior esperanza de vida

Entre os factores que están a impulsar o cambio demográfico xoga un papel esencial o descenso da mortalidade. No escenario mundial, o número anual de mortes por cada mil persoas veu caendo en forma constante, desde 19,2% no primeiro lustro de 1950 a 7,52% en 2018. Esa caída reflicte factores tales como o desenvolvemento e a aplicación xeneralizada de avances médicos, melloras na alimentación, intervencións de saúde pública como mellores servizos de saneamento, auga potable máis segura...; maior educación (especialmente das nais), e melloras na infraestrutura do sistema de saúde e doutros ámbitos.


Correspóndese cun aumento de máis de 25,5 anos na esperanza de vida, de 47 en 1950–55 a 72,56 en 2018 (a estimación provisional para 2020 acada os 75,23 anos). Dado que toda criatura acabada de nacer vivía de media ata aproximadamente os 30 anos, como así sucedeu durante a maior parte da historia humana, este aumento de máis de 25 anos -unha media que excede as nove horas de esperanza de vida por día durante 65 anos-, é un logro humano verdadeiramente asombroso, que aínda non culminou.

Porén non se pode esquecer que a esperanza de vida varía considerablemente entre as diversas rexións mundiais; a fenda que separa os valores mínimos dos máximos acada os vinte anos.

Un elemento determinante da maior esperanza de vida a nivel global son as melloras na supervivencia infantil e xuvenil. A taxa mundial de mortalidade infantil en 2018 era de 28,9 por mil. Este valor explícase pola diminución de máis do cincuenta por cento das mortes de menores de cinco anos desde 1990 a nivel mundial; con melloras en todas as rexións planetarias, aínda que proporcionalmente moitas menos na África subsahariana.

Os datos de Eurostat (reproducidos no gráfico 1) amosan que a xente en Europa vive máis anos que en outra parte do mundo (a excepción de Xapón) e, como promedio, mantense durante máis tempo en bo estado de saúde. Nas últimas cinco décadas a esperanza europea de vida ao nacer aumentou globalmente en torno aos dez anos tanto para os homes como para as mulleres¹⁰.

Gráfico 1
Esperanza de vida ao nacer, diferenza entre mulleres e homes, 2018




Fonte: Eurostat

¹⁰ Aínda que a esperanza de vida das mulleres ao nacer na EU-27 é 5,5 anos maior que a dos homes, o panorama non é o mesmo en todos os lugares. En Letonia e Lituania, a diferenza é superior a 9 anos, mentres que en Dinamarca, Irlanda, Chipre, os Países Baixos e Suecia é inferior a 4 anos.

Cabe sinalar que a actual pandemia está a pór en evidencia as vulnerabilidades dunha poboación en proceso de envellecemento, pero, aínda non considerándose probable que vaia alterar esa tendencia xeral positiva da esperanza de vida, xa se están a adiantar datos por parte do grupo de demografía do CSIC que en España os anos perdidos sitúanse entre 0,7 ou 0,8 notablemente nos varóns se ben nas zonas máis afectadas as perdas poderían elevarse ata dous anos para os varóns e 1,8 para as mulleres¹¹. Os datos ofrecidos polo estudo liderado por Sergi Trias-Llimós, e aos que axiña faremos referencia, rebaixan en nove meses a esperanza de vida en España. En ámbolos dous estudos os datos de referencia cobren a primeira onda da pandemia.

No conxunto da UE, a esperanza de vida con boa saúde, en 2018, era de 64,2 anos para as mulleres e de 63,7 para os homes. Estas cifras tamén varían considerablemente en función do lugar no que se vive¹².

Gráfico 2
Esperanza de vida con boa saúde ao nacer, 2018



Fonte: Eurostat

Á altura de 2011 calculaba Eurostat que aproximadamente o 4 por cento da poboación adulta europea se atopaba nunha situación de dependencia¹³. A oficina estatística europea, partindo da correlación existente entre dependencia e idade, engadía que entre o 15 e o 16 por cento das persoas maiores de 65 anos son persoas dependentes; unha porcentaxe que eleva ao 25 ou 26 por cento entre o grupo de maiores de 75 anos¹⁴.

11 A. Abellán e R. Pujol (*Envejecimiento en red, xuño 2020*) cos datos das mortes por covid-19 entre marzo e abril de 2020 calculan una táboa de mortalidade superpoñendo as mortes por covid-19 ás mortes por idade e sexo producidas en 2018 e a comparan coa que se calculou orixinalmente para ese ano. A esperanza de vida ao nacer tería una perda de 0,7 anos en homes e 0,5 en mulleres. Tamén calculan que aos 65 anos a perda en anos sería de 0,5 e 0,4 respectivamente.


12 Por exemplo, en Suecia un home vive con boa saúde máis de 73 anos, e en Letonia, 51.

13 Fálase de dependencia cando a axuda doutras persoas é o factor principal da contorna que permite seguir vivindo, afrontando as discapacidades derivadas de problemas de saúde que fan difícil ou inviable o desempeño cotián de actividades básicas para a propia vida.

14 Segundo datos do informe da Fundación Caser para la dependencia (2011), *Situación de los Sistemas de Atención a la Dependencia en la Unión Europea*.

Mapa 1.

Esperanza de vida ao nacer, por rexión, 2018



Fonte: Eurostat

Polo que respecta a Galicia, no ano 2017 (IGE, Enquisa estrutural a fogares) o 22,9 por cento das persoas maiores de 75 anos está recoñecido como dependente¹⁵. E se ben os expertos en envellecemento constatan que as melloras na esperanza de vida e na esperanza de vida restante (EVR) despois dos 65 anos non se acompañan, proporcionalmente, de máis anos en mala saúde ou con limitacións físicas¹⁶, si alertan da necesaria e urxente abordaxe en profundidade da cronicidade¹⁷, circunstancia á que están expostos todos os grupos de idade, se ben a súa maior incidencia se rexistra entre as idades avanzadas. As persoas maiores son máis propensas a padecer problemas de mobilidade reducida, e a súa calidade de vida depende do grao de inclusividade e accesibilidade das nosas sociedades e a nosa contorna.

En Galicia, como no conxunto de España, o retroceso da mortalidade (das mortes evitables) -aínda tratándose dun proceso secular- debuxa nos últimos tempos unha forte aceleración o que se traduce nunha prolongación da vida ata límites insospeitados hai poucas décadas.

15 Sinala o IGE que “a situación de dependencia establécese a partir da autoclasificación da persoa enquisada”.


16 De feito, a maioría dos gastos de atención médica aguda (non crónica) prodúcense nos últimos meses de vida, con pouco impacto da idade na que se producen, mentres que a discapacidade severa está a ser aprazada a idades máis avanzadas.

17 Saliéntase na web da cátedra de Cronicidade da USC que “o reto máis grande nas próximas dúas décadas será como axudar a una poboación que sofre enfermidades crónicas... O noso sistema social e de saúde ten que cambiar pois o 45 por cento dos pacientes de máis de quince anos en Galicia teñen una enfermidade crónica”.

Gráfico 3.

Evolución das defuncións por grupos de idade. Galicia

Unidade: Defuncións



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2019

As persoas que viven en Galicia gozan dunha das esperanzas de vida ao nacer máis altas do planeta¹⁸. Nun tempo historicamente moi corto, a esperanza de vida pasou dos 40,9 anos de media para os dous sexos en 1900, aos 72,96 de 1975 e aos 83,34 de 2018 segundo as últimas estimacións do IGE. É de salientar que Galicia acadara xa nos anos de 1960 e 70 unha esperanza de vida (70,2 anos e 72,6 nas datas respectivas) semellante á dos países occidentais, moito antes de gozar dun nivel de desenvolvemento económico e social equivalente.

No estudo de Usaba Bilal, Tim Riffe e Sergi Trias-Llimós antes citado, e ao que se pode acceder no repositorio MedRxiv, pódense apreciar as diferencias territoriais do impacto da covid-19 sobre a esperanza de vida en España. Galicia, xunto con Asturias e Canarias “no experimentaron grandes interrupcións en la esperanza de vida semanal” na primeira onda da pandemia. Contrasta vivamente cos casos de comunidades como Madrid, Castela -A Mancha, Catalunya, Navarra e Castela e León; comunidades que se sitúan a notable distancia como A Ríoxa, Aragón, Estremadura ou País Vasco.


O diferencial na esperanza de vida¹⁹ entre homes e mulleres mantívose, poderíase dicir, en paralelo dende o último cuarto do pasado século. E se en 1975 a esperanza de vida era de 69,83 anos para os homes e 75,92 para as mulleres, en 2018 a esperanza de vida dos homes era de 80,18 anos e de 86,4 para as mulleres, observándose entre o ano 2000 e o 2018 unha lixeira redución no diferencial entre ambos sexos.

18 A posición de Galicia en 2018 dentro das rexións Nuts 2 europeas pode verse no anterior mapa 1

19 Tanto antes da pandemia como durante a súa primeira onda segundo o citado estudo.

Gráfico 4.

Esperanza de vida ao nacemento. Galicia, 1975-2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

Este aumento continuo da esperanza de vida mantén relación cos moi baixos niveis de mortalidade infantil, que en 2018 se sitúan en 2,36 por cada 1.000 individuos nados vivos. A evolución dos indicadores de mortalidade infantil nos últimos anos amosa a aproximación a unha base difícil de mellorar, ao igual que practicamente desapareceron as diferencias co conxunto español. E isto lévanos a considerar aquí, por outra banda, que asistimos na actualidade a un gran cambio de modelo reprodutivo. Pasouse dun sistema que precisaba de moitos nacementos para asegurar a renovación da poboación e a súa capacidade produtiva -debido principalmente ás moi elevadas mortes rexistradas a idades infantís e xuvenís-, a unha modalidade que cómpre cualificar de gran eficacia, na medida en que a maior supervivencia a todas as idades permite un rendemento máximo, en termos de poboación en idade de traballar.

O anterior non quere dicir que unha sociedade lonxeira, como a nosa, que conseguiu reducir a un mínimo os anos de maior capacidade produtiva perdidos por mortalidade non enfrente importantes retos, entre os que cómpre salientar a evolución da saúde e a redución das desigualdades na mortalidade e na saúde.


A observación da evolución da mortalidade foi perdendo parte da súa capacidade explicativa á hora de medir a saúde e o benestar da poboación, en parte debido á importancia crecente das enfermidades crónicas. Nesta perspectiva, o aumento da esperanza de vida ocorrido nas últimas décadas provocou que o interese non se centre só no aumento dos anos de vida, senón en saber se tal aumento se produce á conta de anos en boa saúde ou, pola contra, á conta dun aumento da morbilidade e a mala saúde. O outro reto que enfrenta a poboación en termos de mortalidade é o de conseguir reducir as desigualdades sociais ante a morte. Pódese deducir que, do mesmo xeito que no resto de poboacións, no caso galego existen diferenzas en mortalidade segundo o grupo social de pertenza. Nivel de estudos, lugar de residencia, clase social ou ser home ou muller, determinan a cantidade de anos por vivir e a súa calidade.

Menos nacementos

A diminución da fecundidade é outra faceta importante do cadro demográfico mundial; pensemos que en 1950 a “muller media” tiña cinco fillos e/ou fillas mentres que hoxe ronda os 2,5; se ben as taxas de fecundidade varían amplamente entre continentes, desde 1,6 en Europa a 4,6 en África, e entre os países mostran un abano máis amplo.

No continente europeo entre a década de 1960 ata mediados da década de 1990, a media de nacementos por muller diminuíu, para remontar lixeiramente na primeira década do 2000 e estabilizarse nos dous lustros seguintes.

Gráfico 5.
Indicadores de fecundidade, EU-27, 2001-2018



Fonte: Eurostat

En 2018, a cifra situábase en 1,55 fillos/as por muller, por baixo da taxa (2,1) que se fixara, noutro contexto demográfico, como necesaria para manter constante o tamaño da poboación en ausencia de migración. De aceptarmos o valor da taxa de referencia, case ningunha rexión de Europa alcanza este nivel na súa taxa de nacementos, que nalgúns é inferior a 1,25. Este é o caso, por exemplo, de Galicia e do conxunto do noroeste da Península Ibérica, no sueste de Italia, en Cerdeña e nalgúns zonas de Grecia. Como media, ademais, as mulleres teñen descendencia máis tarde. Entre 2001 e 2018, a idade das mulleres no momento do parto na UE pasou de 29,0 a 30,8 anos como media gráfico 5).


Desde o campo demográfico existe a preocupación por determinar o impacto da pandemia de Covid-19 sobre a fecundidade no coñecido contexto de morbilidade e mortalidade actual, cando ademais é sobradamente sabida a resposta da fecundidade aos shocks económicos, ao desemprego e, por outra parte, a influencia grande que se lle asigna ao clima de incerteza económica xerada pola pandemia. Non sorprende así que neste contexto se agarde no curto prazo un descenso da fecundidade.

Un tema de especial debate neste momento actual é a incidencia particular, a este respecto, do emprego temporal, que resulta máis negativo no caso das mulleres na hora de pensar nas opcións reprodutivas.

As previsións que se albiscan sitúan no medio-longo prazo unha recuperación parcial da fecundidade. Recuperación se ben mediatizada pola estrutura de idades e o maior ou menor retraso na idade das nais ao primeiro nacemento. Decatémonos das limitacións que impón o “reloxo biolóxico”, que non permite postergar a fecundidade ata idades tardías.

Mapa 2.

Taxa global de fecundidade por rexión, 2018



Fonte: Eurostat

Un factor fundamental do devalo da fecundidade nas economías en desenvolvemento son as melloras logradas na supervivencia infantil como ficou sinalado²⁰. A fecundidade desexada tamén baixa co avance educativo e o aumento do ingreso.

A crianza infantil, alicerce da vida familiar, é un dos aspectos que máis están a cambiar. O descenso das taxas de fecundidade, aínda que o ritmo de caída difire segundo as rexións como vimos páxinas atrás, indica, por unha banda, que as mulleres teñen máis voz e poder de decidir se teñen descendencia, canta e cando tela. Doutra banda, o descenso das taxas de fecundidade nalgúns rexións tamén indica que as mulleres teñen menos fillas e/ou fillos do que desexan, aspecto que se coñece ben para o caso de España e de Galicia en particular. As parellas poden estar a limitar o número de descendentes en resposta a condicións económicas que dificultan a crianza, ou porque, dada a ausencia de servizos de coidados de calidade a longo prazo, tamén teñen parentes de idade avanzada que coidar. Pode influír tamén que as mulleres tomen a decisión de ter menos descendencia porque os homes continúan sen asumir a cota que lles corresponde do traballo doméstico e de coidados non remunerados.


²⁰ A diminución das taxas de mortalidade nas primeiras fases da transición demográfica rexistrárase, de xeito acentuado, na infancia. A medida que esa nova xeración crece, avanza unha onda etaria na pirámide de poboación desde a base (idades infantís) ás seccións medias (15–24 e 25–59) ata os máximos (60 ou máis e 80 ou máis). Cambios similares na estrutura etaria ocorren como resultado dun forte aumento das taxas de natalidade, como as explosións demográficas rexistradas en moitos países anos despois da Segunda Guerra Mundial, co fenómeno do baby boom.

A baixa fecundidade constitúe unha das dúas principais particularidades demográficas de Galicia, que son hoxe en día o seu baixo índice de fecundidade e os efectos, que se prolongan ata tempos actuais, do seu plurisecular pasado migratorio; de feito o oscilante cambio de signo no balance emigración/inmigración é un dos fitos máis relevantes da poboación galega das últimas décadas²¹.

Verbo do primeiro é preciso salientar que o índice de fecundidade na nosa comunidade, pese a formar parte dun fenómeno mundial, é un dos máis baixos do mundo. Este proceso, que alcanza en Galicia niveis máis acusados de descenso que no conxunto español, é observable xa desde a década de 1970. Proceso que, sumado á importante emigración de mulleres en idade fértil nas décadas anteriores (décadas 1950-1970), explica en gran medida o forte envellecemento da súa poboación.

Gráfico 6

Evolución do número de nacementos, defuncións e do saldo vexetativo. Galicia. 1975-2019



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2019

Para achegámonos á comprensión do comportamento da natalidade é preciso non limitarnos a analizar o número de nacementos nun momento dado, cando sabemos tamén que a reprodución hai que considerala nas súas dúas compoñentes de natalidade e mortalidade. Pensemos que cada nacemento hoxe en Galicia, no seu número de anos de vida “conta” como algo máis do dobre dos que nacían en 1900, cando a esperanza de vida era de 40,9 anos; sen pensar que naquel comezo de século un neno ou nena de cada cinco morría antes de cumprir o seu primeiro aniversario e que a metade non chegaba a cumprir quince.

Nas últimas décadas a diminución da fecundidade acompañouse en Galicia, como na xeneralidade das áreas desenvolvidas, de importantes cambios que afectan ao papel das mulleres e á familia. Cambios que van ligados á permanencia das mulleres no mercado de traballo, ao seu novo papel na sociedade e á transformación da organización da reprodución demográfica. Coa progresiva, e hoxe moi significativa, presenza das mulleres no mercado laboral e a súa crecente conquista do espazo público, a articulación entre familia e traballo eríxese nunha problemática central, ao descansar tradicionalmente nas mulleres a atención aos coidados familiares, un tema amplamente documentado para Galicia. Cambios que nos países da nosa contorna non están a conducir ao declive “demográfico e económico”, como sosteñen as visións máis pesimistas.


²¹ Non é preciso recordar o impacto dos movementos migratorios no sistema reprodutivo galego, en tempos históricos e en tempos ben próximos aos nosos.

Desde o momento no que a fecundidade caeu redúcese o número dos nacementos entre nais menores de vinte e cinco anos e aumenta a proporción de nais de entre vinte e cinco e trinta e cinco anos e inclusive máis alá. O número de nacementos de nais de corenta anos está a aumentar continuamente desde o ano 2000.

A idade media á primeira maternidade experimenta unha progresiva variación á alza, pasando de 25,70 anos en 1989 a 30,23 anos en 2008 e 31,93 en 2019²². Convén salientar o efecto combinado do atraso na fecundidade e na emancipación da xente nova, aspecto amplamente tratado en Galicia, perspectivas demográficas (2018).

Gráfico 7.

Distribución dos nacementos segundo o grupo de idade da nai. Galicia



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2019

O cambio na estrutura de idades e o “envellecemento” poboacional

A evolución da estrutura etaria da poboación constitúese no acontecemento demográfico actual máis relevante no mundo de hoxe en día. Asístese a tres tipos de cambios a este respecto: caída da dependencia da franxa de poboación que se sitúa entre 0 e 15 anos; o coeficiente entre este grupo de idade menor de 15 anos e o da poboación considerada “tradicionalmente” activa (entre 15 e 64 anos); cambios na cantidade de adolescentes e persoas adultas mozas (15-30 anos); e a crecente proporción de persoas maiores (65 e máis anos). Nunha perspectiva histórica, todos estes cambios vincúlanse coa evolución do número de nacementos e mortes.

Como as necesidades e capacidades das persoas varían no seu curso de vida, as consecuencias da variación da estrutura etaria poden ser significativas. Na infancia consómese máis do que se produce e necesítanse moitos recursos para alimentación, vestimenta, vivenda, atención médica e educación. A xente adulta, pola contra, tende a achegar máis do que consome, xa sexa mediante o traballo e/ou o aforro. A contribución neta das persoas maiores sitúase nun punto intermedio (pero con importantes contribucións ao PIB, como se aborda para Galicia no Informe Galicia Perspectivas Demográficas (2018).


²² Só superada polas mulleres do País Vasco que teñen unha idade media á primeira maternidade de 31,94. A media española sitúase en 2019 nos 31,10 anos.

É de interese salientar que os cambios na estrutura etaria poden promover o crecemento económico, ofrecendo o que se coñece como un dividendo demográfico, un impulso ao ingreso per cápita asociado coa caída da fecundidade, que reduce a carga de dependencia da mocidade, aumenta a proporción da xente en idade de traballar e permite redistribuír os recursos para outros fins: en lugar do sustento da infancia, permite outros investimentos máis rendibles a curto prazo e investir en educación e en investigación e desenvolvemento.

Cómpre decatármonos que, tamén a nivel mundial, as persoas de 15 a 24 anos de idade superan hoxe (32 por cento) ás de sesenta e máis, proxectándose que ambos os dous grupos de idade hanse igualar en 2026; deseguido o grupo das persoas maiores de sesenta han superar ao grupo de idades mozas, proceso que xa tivo lugar nas economías avanzadas desde 1984.

A mediana de idade da poboación da UE-27 veu aumentando ano tras ano e, de cumprirse as proxeccións de Eurostat (gráfico 8), seguirao facendo a un ritmo similar durante outras dúas décadas.

Gráfico 8
Mediana de idade da poboación da EU-27, 2001-2070




Fonte: Eurostat

Nos ambientes políticos e nunha ampla capa da opinión pública existe gran preocupación polo envellecemento poboacional ao ser vinculado, sen moito rigor, con fenómenos adversos como escaseza de forza laboral, a desaceleración do crecemento económico, o derrubamento dos mercados de activos, problemas fiscais, colapso financeiro do sistema de pensións e de saúde, o dispendio dos dividendos demográficos... Ignorándose deste modo que o cambio demográfico a miúdo estimula axustes compensatorios do comportamento e innovacións tecnolóxicas e institucionais. O caso de Alemaña, cun pronunciado proceso de envellecemento, aconsella, ademais, non asociar o envellecemento coa vitalidade social e económica dun país²³.

23 Non está de máis lembrar como abundaron as predicións funestas cando a poboación mundial se duplicaba de 3.000 millóns a 6.000 millóns entre 1960 e 2000. Porén o ingreso mundial per cápita creceu máis do dobre durante esas catro décadas, a esperanza de vida aumentou en máis de quince anos e as taxas de escolaridade primaria achegáronse á universalidade en moitos países.

Mapa 3

Variación da poboación de entre 20 e 64 anos, por rexión. 2020-2030




Fonte: Eurostat

O envellecemento poboacional tenderá a xerar axustes similares. Son moitas as estratexias dispoñibles para concretarmos o potencial que xera unha maior lonxevidade ao fin de mellorar o benestar e afrontar as cargas do envellecemento. Entre as estratexias contempladas sinálanse aquelas que apuntan aos maiores aforros e á maior participación feminina na forza laboral resultantes dunha menor fecundidade de aí a urxencia tamén da implementación de políticas que faciliten a homes e mulleres combinar traballo e familia. Outras estratexias implican elevar o tamaño efectivo da forza laboral mediante fortes investimentos en saúde infantil e en rendemento escolar e calidade educativa.

Naturalmente, sumar xentes adultas de máis idade á forza laboral é útil só se están suficientemente sans como para ser produtivas. Unha maior focalización na prevención de enfermidades e no tratamento da cronicidade habería ser importante para facer fronte ao envellecemento da poboación. Supón un compromiso, desde idades temperás, con dietas e pautas de alimentación máis saudables, máis actividade física, redución do uso do tabaco e do consumo nocivo de alcol ...

Mapa 4

Variación na porcentaxe de poboación de 65 anos ou máis, por rexión. 2020-2030



Fonte: Eurostat

A medida que o número de persoas lonxevas vai en aumento tamén crece o interese sobre a natureza das relacións entre fillos/as e os seus proxenitores cando envellecen e, especialmente, entre estes ascendentes directos e a segunda xeración, a de netos e netas, xa que o rol de avoas e avós coidadores é unha figura que no caso de Galicia en particular, e de España en xeral, alcanza maior relevancia que noutros países europeos.

Un dos cambios máis significativos desta nova realidade demográfica que estamos a vivir é o feito de que unha persoa xa non se considera anciá ao cumprir os 65 anos, senón moito despois, grazas aos avances en materia de saúde que fan posible unha vida máis longa en condicións óptimas, superando o detrimento natural do organismo que é parte do proceso de envellecemento. En consecuencia, o período produtivo do ser humano tamén se estende, xerando unha nova transición que se sitúa entre a idade adulta e a vellez.

Asístese hoxe na nosa contorna cultural a unha real “democratización da supervivencia”, o que significa que máis da metade das persoas chegan a cumprir os 65 anos de idade (a idade teórica de xubilación, ideada por Bismarck na Alemaña de 1881, cando a expectativa de vida era de 47 anos). O incremento da supervivencia a todas as idades, e non só nas da vellez, conduciron ao que algúns autores, como Alexander Kalache, un dos pais do concepto de “envellecemento activo”, denominan “revolución da lonxevidade”.

Temos en Galicia, ao igual que en España, toda unha xeración que está a chegar á idade maior con máis saúde, máis experiencia, máis coñecementos e unha posibilidade real de contribuír activamente á sociedade, como xa sabemos que sucede. Hai que crear espazos e preparar á sociedade para un cambio na construción social do que é a vellez. Unha vellez que participa activamente, entre outras actividades, en traballo de sostén familiar e na economía social.

Táboa 1.
Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade. 2020

Idade	Homes	Mulleres	Total
0-4	47.102	44.327	91.429
5-9	55.903	52.108	108.011
10-14	59.971	56.975	116.946
15-19	57.135	53.808	110.943
20-24	55.569	53.037	108.606
25-29	62.075	60.300	122.375
30-34	70.655	70.411	141.066
35-39	91.312	91.030	182.342
40-44	112.075	113.231	225.306
45-49	108.362	109.553	217.915
50-54	102.357	106.740	209.097
55-59	95.697	101.095	196.792
60-64	88.150	95.017	183.167
65-69	77.856	85.904	163.760
70-74	73.463	85.829	159.292
75-79	57.377	73.093	130.470
80-84	41.064	60.914	101.978
85 e máis	44.030	88.294	132.324

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

Pódese seguir na gráfica elaborada polo IGE o impacto na estrutura de idades dos cambios das variables poboacionais sinaladas nas páxinas anteriores. Insistíase no texto do informe (2018) do Observatorio de Dinamización Demográfica en mostrar como a evolución demográfica desencadeada pola caída da mortalidade transformara a significación de todas as idades, empezando polas infantís, seguindo pola singularidade da adolescencia, a prolongación da etapa de xuventude (moi marcada neste caso polas circunstancias do mercado laboral) ata o actual cambio radical da vellez.

Reparemos unha vez máis en que a terceira²⁴ e cuarta idade é hoxe a etapa da vida na que máis evidentes están a facerse en Galicia as consecuencias do cambio demográfico. Por primeira vez accede á vellez a maior parte dos individuos nados de calquera xeración e o peso nunca visto das persoas maiores no conxunto da poboación elevou notablemente a importancia e a atención prestada á súa saúde. Resalta de maneira especial o cambio – varias veces sinalado- na representación das persoas que posúen 80 ou máis anos, que están a gañar peso demográfico relativo en detrimento, sobre todo, das sexaxenarias. Tendencia que se afirma desde a década de 1980 e que se acelerou nos últimos anos.

²⁴ A da “senescencia” que Alexander Kalache prolonga ata os 80-85 anos.

Asístese pois a unha configuración por idades nova – e en progresión continua dentro da relativa estabilidade que a caracteriza-, á vez que se reafirma a supervivencia ata idades maduras e avanzadas en escenarios dominados por unha menor natalidade. Sen que nada neste escenario nos autorice a falar de declive demográfico desde unha perspectiva científica. Dentro do colectivo de persoas maiores en Galicia as diferenzas entre homes e mulleres non só existen obviamente como no resto da poboación, senón que mesmo a maior parte das brechas existentes se agudizan debido ao peso cultural e social en que a sociedade pertencente a estas xeracións foi socializada. Cómpre ter en conta o nivel educativo das persoas maiores á hora de interpretar a desigualdade que marcou ás actuais xeracións de mulleres de máis idade. Un dato ben expresivo dánolo o feito de que aínda no ano 2017 as mulleres maiores duplican a taxa de analfabetismo dos varóns.

Ás coñecidas sinerxías entre mortalidade e fecundidade súmase a súa interacción cos cambios nas pautas de formación de parellas -e de nupcialidade en xeral- e nas estruturas familiares, polo que todo o armazón social, económico, cultural e de xénero vese afectado. Cambia a significación de cada idade e con iso o curso de vida das persoas. Curso de vida implica considerar non só a idade e o biolóxico senón tamén a pluralidade das funcións sociais e dos acontecementos persoais que condicionan a forma de estar a vivir. Supón, por tanto, admitir que as valoracións sociais sobre a idade ou as expectativas depositadas en cada etapa, están socialmente construídas e son diferentes para homes e mulleres ao estar determinadas por modelos de xénero que asignan, de maneira consciente ou asumida inconscientemente, comportamentos diferenciais a cada sexo.

Estrutura dos fogares e cambio familiar

A nova estrutura etaria afecta tamén de maneira directa a outros ámbitos sociodemográficos. As formas de convivencia e as estruturas dos fogares son distintas en cada idade, de maneira que a nova estrutura implica un maior peso dos fogares característicos da vellez, co que diminúe o tamaño medio dos fogares, aínda que isto último non só cabe atribuílo ao envellecemento da poboación.

O conxunto de transformacións que experimentou a familia no mundo occidental constitúe unha das manifestacións máis importantes do cambio social contemporáneo. En poucas décadas, o modelo de “familia nuclear”, foi cedendo espazo a unha crecente diversidade de formas e estilos de vida familiares.

Ao lado da familia nuclear comezaron a cobrar relevancia numérica e social, as familias monomarentais e monoparentais e as familias “reconstituídas”. Asemade a crecente “desinstitucionalización” da familia implicou que os vínculos familiares “de facto” gañasen terreo aos lazos legais. Estas transformacións iniciáronse en Europa e Estados Unidos a mediados da década dos anos sesenta e inicios dos anos setenta, estendéndose á gran maioría dos países occidentais nos últimos anos do século XX.


Os fogares monomarentais e monoparentais -dos cales un 84 por cento a nivel mundial están conformados por nais soas que viven cos seus fillos- e os compostos por parellas sen fillos, tamén son comúns en moitas rexións. Nas sociedades cun proceso de envellecemento máis adiantado, os fogares unipersoais son unha realidade de vez en vez máis frecuente.

Obsérvase no espazo europeo que a medida que vai en aumento o número de fogares redúcese o seu tamaño medio²⁵.

25 En 2019 había 195 millóns de fogares en Europa, un aumento de trece millóns desde 2010. O tamaño medio deses fogares é cada vez menor. En 2010, o fogar medio estaba composto por 2,4 persoas. Na última década descendeu paulatinamente ata situarse en 2,3 persoas en 2019.

Gráfico 9

Fogares, por presenza de fillos, EU-27 (2010-2019) (en millóns)



Fonte: Eurostat

Ao redor dun terzo de todos os fogares está composto en Europa por unha soa persoa, o que representa un aumento do 19 por cento respecto a 2010. Obsérvase unha tendencia xeral cara aos fogares formados por parellas sen fillos, persoas que viven soas e familias monomarentais e monoparentais. Na maioría dos fogares non hai nenos e/ou nenas, mentres que os fogares monomarentais e monoparentais aumentaron nun 13 por cento desde 2010. Eses patróns tamén poden desempeñar un papel no contexto da pandemia, dado que determinadas estruturas dos fogares puideron afectar máis aos coidados sociais e de saúde debidos á propagación do virus. A medida que Europa envellece, aumenta o número de persoas de 65 anos ou máis que viven soas. Este fenómeno dáse sobre todo entre as mulleres. En 2019, a proporción de mulleres de idade avanzada que vivía soa era do 40 por cento, o dobre que os homes.

No caso particular de Galicia sábese ben que as profundas transformacións experimentadas no seo da familia galega (producidas en modo similar ás anotadas máis enriba para nosa contorna cultural e social) dificilmente atopan explicación á marxe do escenario demográfico actual, caracterizado por un importante aumento da esperanza de vida e reducidas taxas de fecundidade, e sen a consideración dos cambios na traxectoria de vida das mulleres.

O descenso da elevada mortalidade infantil levou a un igualmente drástico descenso na cantidade de nacementos requiridos; case que deseguido, a masiva supervivencia desde o nacemento ata as idades fecundas fixo que o “traballo” reprodutivo estivese máis repartido e o número de fillos/as por muller diminuíse aínda máis. A posterior mellora na supervivencia das persoas adultas atrasou a incidencia da viuvez e o mesmo da orfandade, asegurando a pervivencia do núcleo filial-conxugal durante máis anos, e aumentando o seu peso no conxunto dos tipos de fogar. E a estes cambios “estruturais” deben engadirse os cambios nas condutas asociadas. Aspectos ben coñecidos (amplamente desenvolvidos no informe Galicia, perspectivas demográficas), que ocupan un lugar central no campo de estudo da segunda transición demográfica.

Cómpre destacar dun xeito especial as implicacións entre cambio familiar e cambios no mercado laboral e do sistema produtivo en xeral. Os calendarios vitais da constitución familiar, pero tamén dos coidados

domésticos e familiares, gardan unha relación estreita coas taxas de actividade feminina, as condicións específicas na regulación do mercado de traballo, o tipo de ocupacións e de empresas, a flexibilidade dos empregos e os horarios laborais. A magnitude dos cambios apenas enunciados e que se reflicten na composición dos fogares en Galicia²⁶ (como a relevancia das familias nucleares, a redución do tamaño medio familiar, o aumento da importancia dos fogares unipersoais, etc) non nos pode levar a ignorar que as relacións familiares e a solidariedade interxeracional seguen actuando con toda a súa forza. A familia permanece como un ámbito de seguridade, apoio e axuda para os seus membros máis vulnerables (xa se trate de persoas novas e/ou maiores), ao tempo que se manteñen as redes familiares que seguen funcionando aínda que os membros da familia non residan no mesmo fogar.

O retrato das familias en Galicia pasa polos cambios sociais, económicos e culturais xurdidos nestas últimas décadas; existe unha redución do tamaño medio da familia, máis fogares unipersoais, pásase a convivencia de dúas xeracións en vez de tres.... Ao modelo coñecido como familia tradicional-familia nuclear-familia adaptativa, vánse agregando pluralidade de novas formas de familia: a familia deixa de identificarse mimeticamente co fogar- outra realidade- e adquire formas diversas tales como familia biparental, monomarental ou monoparental, reconstruída, sen descendencia, con descendencia propia /adoptada/ou por novo matrimonio ou parella de feito; e non só cambia a estrutura, senón tamén trazos básicos da súa composición.

Pese a este cambio nas dinámicas familiares, en Galicia as redes familiares continúan funcionando, podéndose afirmar que a nosa contorna socio/cultural segue sendo profundamente “familista”. A institución familiar, a pesar dos augurios que en décadas pasadas anunciaron o seu fin diante dos avances da “modernidade”, segue ocupando un lugar central na vida da poboación, xa sexa mediante modalidades que aseguran a mantenza de “vínculos fortes” ou doutras formas familiares nas que rexen os “vínculos débiles”²⁷.

Atopámonos ademais co paradoxo de que aínda que a dispoñibilidade de recursos familiares para os coidados tende a reducirse, debido principalmente aos cambios na traxectoria de vida das mulleres – que afecta especialmente as xeracións adultas e ás novas- a feminización do coidado (considerado sempre desde a óptica familiar) continúa sendo a realidade dominante. E esta tendencia corrobórase tamén na atención que o colectivo de maiores dispensa, entre outros, ao coidado dos seus netos e netas e o apoio a fillas e fillos para o desenvolvemento da súa vida laboral.

A maior complexidade da vida social non oculta, senón que máis ben resalta, o papel central que segue representando a familia en relación ao “coidado”, entendido na súa acepción máis ampla. Sabemos que a familia en Galicia, do mesmo xeito que en España e nos países da Europa meridional, non deixou de actuar como “o principal e tradicional instrumento de apoio no coidado de persoas dependentes”. A pesar da profundidade dos cambios experimentados pola sociedade galega coñécese ben (grazas en especial á existencia de Enquisas de Emprego do Tempo de 2002-2003 do INE/IGE así como as de 2009-2010 do INE) a importancia que mantén a familia como lugar de produción. Permanece como a institución que protexe e asegura a supervivencia e o benestar dos seus propios membros, exercendo unha esencial función benefactora.

Poñer o acento na “solidariedade familiar” esixe recoñecer que esta se sostivo en realidade na hiperactividade das mulleres que ademais de asumir as novas responsabilidades laborais continuaron absorbendo as cargas familiares. Faise preciso poñer especial énfase en sinalar, pensando así mesmo no caso galego, como a incorporación das mulleres ao mercado de traballo, o control da natalidade, o acceso á educación..., e a serie de mutacións culturais ás que asistimos revelan en que medida son elas o axente de cambio máis dinámico das sociedades contemporáneas.

26 Cómpre lembrar que o fogar privado se define como a persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda principal ou parte dela, e consomen e/ou comparten alimentos ou outros bens con cargo a un mesmo orzamento. A familia é un grupo de persoas (dúas ou máis) que, residindo na mesma vivenda familiar, están vinculadas por lazos de parentesco, xa sexan de sangue ou políticos, e independentemente do seu grao. Polo tanto, fogar e familia diferéncianse en que o fogar pode ser unipersoal, mentres que a familia ten que constar, polo menos de dous membros.

27 As diferenzas dentro do espazo europeo entre países que manteñen vínculos familiares fortes (modelo “familista” de maior vixencia, en xeral, na Europa Mediterránea) e aqueles outros nos que dominan os vínculos débiles (norte e centro de Europa) responden á forma en que sentimentos e afectos se concretan en relacións sociais.

En definitiva, estudar as modificacións na estrutura dos fogares e a súa interacción co proceso de envellecemento da poboación implica ter moi presentes as modificacións, de maneira especial, na traxectoria de vida das mulleres e as alteracións, e permanencias, de determinados roles de xénero.

Como acabamos de ver, a variación do número de fogares é un fenómeno xeral e en parte independente das compoñentes do crecemento da poboación. Con matizacións importantes, pois se ben a natalidade non supón un aumento do número de fogares a mortalidade si actúa directamente na mingua dos fogares unipersoais²⁸.

As migracións pola súa parte, dependendo do seu carácter, poden ter unha repercusión directa cando se trata de migracións de fogares completos. No caso das migracións unipersoais o seu efecto, máis que no número de fogares reflíctese no crecemento doutros tipos sen núcleo²⁹.

As variacións nas formas de convivencia tamén poden traducirse na aparición de novos fogares e a desaparición doutros previamente existentes. Sucede así co fenómeno da emancipación da mocidade ou nos casos de formación e da ruptura de parella.

O aumento da esperanza de vida e o conseqüente efecto de envellecemento polo cumio do histograma de representación da estrutura de idades entraña á súa vez un incremento dos fogares unipersoais de persoas maiores que, non esquezamos, tenden a vivir soas ata idades cada vez máis avanzadas. O cambio de residencia cara un establecemento colectivo significa pola contra a desaparición dun fogar destas características.

Nos países da nosa contorna occidental ao descenso e retraso da fecundidade súmase o aumento dos fogares individuais de persoas que deciden vivir soas e o retraso na idade de formar parella. O incremento de rupturas de parellas constitúe outro factor de aparición de fogares unipersoais e monoparentais ou monomarentais, mentres que a reconstitución de parellas pode producir o efecto contrario. Estes cambios na dinámica sociodemográfica dos países avanzados reflíctense, e vémolos ben no caso de Galicia, nunha estrutura na que cobra maior protagonismo o aumento do número de fogares máis pequenos e, xa que logo, asístese a unha progresiva redución do tamaño medio e un crecemento do número de fogares máis rápido que o da poboación.

A composición dos fogares unifamiliares reflicte importantes mudas no seu contido, aínda que a súa forma continúe en gran medida sendo a mesma. Mudanzas que se suceden en función das diversas etapas da familia nuclear, xa sexa unha parella, un núcleo biparental ou unha persoa soa tras a emancipación dos seus fillos e ou fillas e a separación ou morte da súa parella. Temos unha boa constatación do anterior en Galicia; así no último período intercensal o crecemento da poboación galega foi do 2,8 mentres que o número de fogares (identificados como “vivendas principais”) incrementouse nun 17,6 por cento. É de salientar unha vez máis que os cambios que sorprenden hoxe en día veñen producíndose dun xeito paulatino, sen debuxar saltos abruptos. Se no último cuarto do século XX e os primeiros lustros do XXI o protagonismo na estrutura do fogar correspondíalle en Galicia ao fogar composto por unha parella cos seus fillos e/ou fillas, esta estrutura de fogar iría perdendo a súa presenza maioritaria polo crecemento exponencial doutro tipo de fogares: o fogar composto por unha parella sen fillos e os fogares unipersoais.

28 A mortalidade non só provoca a diminución do número de fogares unipersoais ao falecer as persoas que viven neste tipo de fogares, senón que tamén inflúe na transformación de fogares compostos por parellas sen fillos en fogares unipersoais ao falecer algún dos compoñentes da parella (o que faría aumentar o número de fogares unipersoais).

29 Pensemos nas razóns de diversa natureza que levan a que os emigrantes nun período máis ou menos longo tras a súa chegada adoiten agruparse en fogares complexos nos que o vínculo fundamental, ademais da veciñanza, é o de compartir os gastos da vivenda.

Táboa 2.

Fogares segundo a tipoloxía do fogar. Ano 2019

Unidade: porcentaxe (%)

Tipoloxía	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	100	100	100	100	100
Unipersoal	22,30	22,93	24,15	23,15	20,54
Sen núcleo	2,14	2,19	1,88	2,73	1,96
Parella con fillos	30,79	30,81	27,41	26,90	33,37
Parella sen fillos	23,12	23,23	23,42	28,16	21,09
Monoparental	11,05	11,05	9,95	10,51	11,63
Un núcleo e outros	7,14	6,58	9,19	6,38	7,36
Varios núcleos	3,46	3,21	4,00	2,17	4,05

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Os datos refírense a 31 de decembro

Os fogares compostos por unha parella sen fillos triplicaron a súa presenza nestes anos, en tanto que os unipersoais hanse quintuplicado. En Galicia actualmente, tres de cada dez fogares son de parella con fillos; unha cuarta parte, de parella sen fillos, e outra cuarta parte, unipersoais. O resto están compostos fundamentalmente por fogares de núcleo monoparental e monomarental; e un pequeno grupo sen familia. Abundando nos datos, a última Enquisa Estructural a Fogares (IGE, 2020) recolle que a 31 de decembro de 2019 existían en Galicia 1.069.094 fogares, dos cales, como se observa na anterior táboa, o 22,30 por cento correspondían a persoas que vivían soas. Os datos reflicten que a tipoloxía máis habitual é a formada por unha parella con fillos, que constitúe o 30,79 por cento do total de fogares. Por provincias, Lugo e Ourense son as que contan cunha menor porcentaxe de fogares desta tipoloxía, mentres que son as provincias onde a porcentaxe de fogares unipersoais é maior.

No 78,16 por cento do total dos fogares galegos (835.597 en números absolutos), non reside ninguén menor de 16 anos. A porcentaxe máis alta de fogares sen persoas menores de 16 anos dáse na provincia de Ourense (81,80 por cento) e a máis baixa en Pontevedra (76,31 por cento). Por outra banda, o 92,33 por cento dos fogares da comunidade autónoma non conta con ningún individuo menor de 5 anos³⁰.

O 22,50 por cento do total de fogares galegos (240.590 en números absolutos) están compostos por persoas de 65 ou máis anos. Con respecto ao ano anterior, o número de fogares deste tipo diminuíu un 4,8 por cento. Por provincias, Pontevedra é a que conta cunha menor porcentaxe de fogares deste tipo (20,18 por cento) e no outro extremo atópase Ourense, onde o 29,43 por cento dos fogares está formado por persoas de 65 ou máis anos.

Con datos anteriores á irrupción da pandemia sabemos que o 64,21 por cento dos mozos e mozas galegas de entre 18 e 34 anos vive cos pais. Dos que teñen entre 25 e 34 anos e que viven cos pais, o 18,64 por cento non ten ningún tipo de ingreso. Esta porcentaxe sobe ata o 53,94 por cento entre os mozos e mozas de 18 a 24 anos.

A comprensión da transición familiar en Galicia sería moi insuficiente sen resaltar outras transformacións de natureza socioeconómica, como o maior grao de formación das persoas mozas e a maior incorporación das mulleres ao traballo remunerado. Dispoñer de maior formación e de emprego posibilitou que esas

30 Dos sete grandes concellos de Galicia, Pontevedra é a que presenta unha maior porcentaxe de fogares formados por unha parella con fillos (un 35,37 por cento). Por outra banda, en Ferrol o 25,28 por cento dos fogares está composto por persoas de 65 ou máis anos. No outro extremo atópase o concello de Vigo, onde esta porcentaxe é do 17,55 por cento e o de Santiago de Compostela (17,94 por cento). Por espazos xeográficos, na área de Lugo sur o 34,5 por cento dos fogares está composto por persoas de 65 ou máis anos. No extremo oposto sitúase a área de Santiago cun 17,29 por cento de fogares desta tipoloxía. A área de A Barbanza-Noia é a que conta cunha maior porcentaxe de fogares con polo menos algún menor de 16 anos (25,61 por cento).

xeracións de mulleres e homes teñan agora un deseño de vida semellante, transformando a organización e as relacións interpersoais dentro das familias. Enténdese que as novas expectativas en canto a educación e emprego atrasen a idade tanto do matrimonio como a de constitución de parellas de feito e a idade á que se ten descendencia, e cando esta acontece para as mulleres seguen sendo maiores as dificultades á hora de compatibilizar os coidados familiares e o traballo remunerado.

A teor destes cambios foron cobrando maior importancia os fogares unipersoais á vez que se continuaba o proceso xa coñecido de “verticalización da familia”, aludíndose con iso á coexistencia de varias xeracións, aínda que non necesariamente convivindo baixo o mesmo teito, cada unha delas con poucos efectivos.

No contexto do noso réxime de benestar, integrado dentro do modelo mediterráneo, a familia desenvolve un labor intensivo e extensivo de produción e distribución de benestar dirixido aos seus membros, de todas as idades, que demandan distintos graos de atención. Neste labor, a familia mostra gran capacidade de adaptación, axustando e reaxustando os seus recursos e os da contorna ás condicións cambiantes que estes lle demandan, como está a suceder nesta conxuntura crítica desatada pola irrupción da pandemia de Covid-19.

Cómpre insistir, nun momento de importantes cambios nas familias e nos fogares, na gran vitalidade e variedade de formas que mantén a institución familiar ao tempo que permanece como ámbito de seguridade, apoio e axuda para os seus membros, e que se mostra capaz de incorporar traxectorias vitais máis complexas. As redes familiares, como ben se está a demostrar nestes tempos tan críticos, conservan unha gran fortaleza, funcionando aínda que non se resida no mesmo fogar.

Nunha sociedade que cada vez opta por unha mellor calidade de vida e se desenvolve nos parámetros que definen o estado de benestar son dificilmente asumibles e asimilables as situacións de risco de pobreza e exclusión social que afectan a unha parte da súa poboación, precisamente a máis exposta tamén á infección da covid ou de sucumbir ante a pandemia. Para a minoración deste problema é preciso desenvolver accións con carácter urxente orientadas á redución do risco de pobreza mediante actuacións, a corto e medio prazo, no mercado laboral, a través da formación e incentivos ao traballo; así como impulsar medidas encamiñadas a elevar a renda das persoas cun menor poder adquisitivo.

É preciso no moi curto prazo reforzar a contorna social e económica das familias en situación de vulnerabilidade con menores de 18 anos, con actuacións de carácter preventivo e de apoio. Esta situación vese agravada con máis frecuencia entre os fogares de inmigrantes, de aí a necesidade de ampliar a información, orientación e asesoramento aos inmigrantes en diferentes materias dos ámbitos xurídicos, sociais, educativos, lingüísticos e laborais que faciliten a súa integración.

A solidez da institución familiar resta todo fundamento ao temor a que os cambios familiares, e nos fogares, impliquen de seu unha perda dos valores afectivos e de solidariedade interxeracional e de protección dos seus membros máis vulnerables; valores que se consideran propios da institución familiar. Neste contexto, faise obrigado, antes ben, apoiar e promover o libre desenvolvemento das familias.

Cómpre por outra parte salientar a baixa incidencia da infecundidade. Os fogares de parellas con fillos e/ou fillas e os monomarentais e monoparentais son clara maioría. A última Enquisa de Fecundidade do INE faise eco do desexo manifesto (de mulleres e homes) de chegar a ter un segundo fillo ou filla.

Dar visibilidade e valorar en termos económicos e de sostemento da vida o traballo reprodutivo (traballo doméstico e de coidados realizado nos fogares) implica a superación de estereotipos de xénero, moi arraigados, que responsabilizan en exclusiva ás mulleres do mantemento e control dos traballos domésticos, aínda para aquelas mulleres que se incorporaron ao mercado laboral³¹. Na superación dos estereotipos de xénero e na asunción dos valores da “ética do coidado” (a “ethics of care” na formulación de Carol

31 Se ben os valores de corresponsabilidade están sendo cada vez máis asumidos por mulleres e homes, en especial pola xuventude, necesítase seguir promovendo unha educación en igualdade que consolide a tendencia social favorable respecto á corresponsabilidade, fomentando a asunción equilibrada de responsabilidades domésticas e de coidados.

Gilligan) por homes e mulleres precísase que desde os propios fogares, a administración e as empresas se desenvolvan actuacións de información, formación e sensibilización.

É responsabilidade da administración reforzar os servizos de coidado, nos que hoxe teñen un gran protagonismo os fogares e dentro destes, en especial, as mulleres de entre corenta e cinco e sesenta e catro anos, situación aínda máis agravada no medio rural. A atención a menores, maiores e dependentes en xeral precisa dunha planificación integrada e transversal que cubra as necesidades básicas da poboación de todo o territorio, establecendo mecanismos xurídicos e financeiros estables que permitan unha estrutura permanente dos servizos esenciais de atención ás familias que favorezan o desenvolvemento de actuacións integrais.

Unha vez que empeza a haber un recoñecemento público e político do traballo non remunerado das mulleres, que agroman novos modelos de masculinidade en relación coa toma de decisións, a organización familiar e as tarefas de coidado e que a conciliación, a corresponsabilidade e a necesidade de racionalización de horarios están na axenda pública e que as políticas de igualdade demostran ser efectivas a nivel socioeconómico e demográfico, correspóndelle a administración consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan facer compatibles os ámbitos profesional, persoal e familiar das súas vidas. Compételle así mesmo consolidar as políticas de igualdade e mellorar a integración da perspectiva de xénero en todos os ámbitos como estratexia de desenvolvemento social e económico e elemento clave na dinamización demográfica. Como tamén deseñar políticas educativas en todas as etapas para que fomenten a igualdade de xénero, e orienten as persoas cara o seu pleno desenvolvemento persoal e profesional segundo as súas capacidades e non polo xénero co que se identifican na sociedade.

Os problemas de conciliación e corresponsabilidade, sumados a dificultades no mercado laboral ou na promoción profesional pesan, e así se reflicte nos resultados que presentou o INE da Enquisa de Fecundidade, á hora de optar por un segundo fillo ou filla, cando este sería o desexo manifestado por mulleres e homes. De feito é baixa, como se sinalaba, a incidencia da infecundidade, como segue a mostrar a enquisa do INE e reflicten os datos galegos. En Galicia, compre insistir, os fogares de parellas con fillos e/ou fillas e os monomarentais e monoparentais son clara maioría. É necesario promover condicións políticas, sociais e económicas que favorezan o libre exercicio do dereito á reprodución.

A mobilidade da poboación

A migración internacional contemporánea, nun escenario mundial tan dinámico e complexo, concita moitas inquietudes e tamén implica oportunidades e retos, especialmente no ámbito dos actuais procesos de globalización. Unha migración internacional que adquiriu dinámicas cada vez máis complexas, mantendo algúns trazos e mostrando a emerxencia doutros novos. Nas últimas dúas décadas xestouse unha enorme e crecente atención pola migración internacional, un feito singular que caracteriza o escenario mundial contemporáneo³².

Se fixamos a nosa atención no conxunto do mundo occidental, a mobilidade da poboación, con especial atención nos movementos trasfronteirizos, é a principal canle de modificación do tamaño da poboación. Migracións que, con todo, non acadan o volume que se podería deducir da atención que acapara na actualidade; decatémonos de que a penas o 3,5 por cento da poboación do mundo viven fóra do seu país natal. Agora ben, en Europa e América do Norte vive o 15 por cento da poboación mundial pero máis da metade do grupo de migrantes internacionais do mundo. As persoas que protagonizan estas migracións internacionais maioritariamente están en idade activa, cunha distribución por sexo moi parella. Perviven aínda nestes tempos importantes barreiras económicas e institucionais á inmigración que se suman a unha oposición (en distintos grados) tanto social como política que se vive en países de economías avanzadas.

32 O interese polo proceso migratorio mundial responde moito máis ás variadas dimensións do proceso que ao número estimado de persoas migrantes, que representan un 3,5 por cento da poboación mundial segundo as cifras da División de Poboación das Nacións Unidas: 272 millóns de persoas, aproximadamente.

A Europa (UE-27) chegaron en 2018 un total de 2,4 millóns de inmigrantes fronte aos 1,1 millóns que emigraron ao exterior da UE-27. Tamén nese mesmo ano 1,4 millóns de persoas trasladáronse a outros países dentro da UE, incluíndose nese grupo aos nacionais de terceiros países que viven en Europa.

Nos últimos trinta e cinco anos Europa pasou a ser un continente de inmigración neta, cunha tendencia a longo prazo relativamente estable. Carécese sen embargo da necesaria información para ver como han afectar a eses fluxos migratorios as actuais medidas de emerxencia que limitan a mobilidade no contexto da pandemia mundial, de maneira especial cando a emigración se está a converter no factor clave e o máis volátil na previsión da evolución das poboacións europeas marcadas pola súa estrutura envellecida. Segundo os datos recentemente publicados que manexa Frontex (a Axencia de fronteiras europeas)³³ a pandemia está a provocar un descenso da migración cara a UE ata niveis de 2013³⁴. En 2020 representaban un 13 por cento menos que o anterior ano 2019, que Frontex interpreta como debido “en gran parte polo impacto das restricións pola covid-19 establecidas por varios países”³⁵. Pensemos que a principal entrada de migrantes a Europa se produce de forma regular e por avión³⁶.

Tamén as solicitudes de asilo nos países da unión Europea, Noruega e Suíza diminuíron, ata outubro de 2020, máis dun 30 por cento pola covid-19 (segundo cifras de Acnur, a Axencia da ONU para os refuxiados), debido aos confinamentos parciais, as limitacións nos desprazamentos e a posta en marcha doutras medidas sanitarias³⁷. As solicitudes de cidadáns procedentes de América Latina, que entran de maneira regular a través dos aeroportos e son maioría no caso de España, situaron en 2020 a este país como o primeiro receptor (84.264 peticións ata o 30 de novembro). Con todo, no dato final espérase unha baixada no número de peticións con respecto a 2019 (117.463) debido á severa limitación das chegadas por esta vía ao comezo da pandemia.

É de salientar, sen embargo, o acaecido coa migración irregular. Segundo datos preliminares da Axencia Europea da Garda de Fronteiras e Costas (Frontex), o número de cruces ilegais nas fronteiras exteriores de Europa caeu un 8% durante os primeiros 11 meses do ano (116.840), principalmente polo descenso nas chegadas polo Mediterráneo. Porén, segundo datos provisionais de Acnur, a ruta de África occidental rexistrou un número récord de migrantes irregulares desde 2006. No caso concreto de España rexistráronse 41.094 entradas, un 28 por cento máis que no ano precedente, a maioría por mar (39.563, un 53 por cento máis que en 2019), e ata oito veces máis no caso de Canarias (22.249)³⁸.

Nunha perspectiva española de conxunto pódese así mesmo afirmar que desde o cambio de século os movementos migratorios exteriores³⁹ se converteron nunha compoñente fundamental da dinámica demográfica⁴⁰, con importantes repercusións para a vida económica, social e política do país. Tanto a chegada moi numerosa de estranxeiros, atraídos polo boom do inicio dos anos 2000, como as marchas

33 Datos preliminares publicados por Frontex o día 8 de xaneiro de 2021.

34 Dado que moitas das persoas desprazadas máis vulnerables dependen da economía informal, foron das primeiras en sufrir os impactos económicos do peche da economía.

35 Ás restritivas políticas migratorias da UE postas en marcha tras a crise de refuxiados de 2015 súmanse as derivadas do peche de fronteiras en Europa; asemade os países do continente africano pecharon as súas fronteiras facendo máis difícil chegar ás costas de África.

36 Segundo cifras de Acnur do 28 de decembro de 2020, e pese á chegada masiva de “caiucos” a Canarias nos últimos meses de 2020, e a falta de datos definitivos, en conxunto as entradas a Europa polos países do Mediterráneo caeron un 24 por cento respecto a 2019.

37 Como en 2019, os conflitos en Siria e Afganistán, así como a crise económica, política e social en Venezuela converteron aos seus cidadáns nos principais solicitantes de asilo en Europa. Segundo os datos provisionais da EASO (Oficina Europea de Apoio ao Asilo) ata a primeira semana de decembro de 2020, 47.284 sirios presentaran unha solicitude de asilo, seguidos de 42.222 afgáns, 29.550 venezolanos e 28.360 colombianos.

38 Gran parte das e dos inmigrantes chegados ao arquipélago o fixeron desde agosto, principalmente procedentes de Marruecos, Malí e Senegal.

39 O que non nos fai esquecer que nos últimos 50 anos reduciuse en España a mobilidade de longa distancia mentres que se incrementaba a mobilidade intra provincial ou de corta distancia. As repercusións sociais e económicas desta mobilidade son igualmente evidentes.

40 Sen as contribucións poboacionais da inmigración non se explicaría, tendo en consideración os baixos índices de fecundidade en España, o crecemento da poboación española no seu conxunto (pensemos que dos catro millóns setecentos mil habitantes que rexistra España de incremento entre 1996 e 2006, tres millóns seiscentos mil son inmigrantes).

durante a grave crise económica que se iniciara en 2008⁴¹ configuraron o perfil dunha gran parte da poboación de orixe inmigrante que reside en España na actualidade. Decatémonos de que a emigración non é sempre unha viaxe só de ida (ensinounolo ben a nosa historia migratoria, unha emigración cunha marcada vocación de “voltar” a Galicia) . De feito, sabemos que as viaxes de volta son frecuentes, e cada vez máis, tamén para moitos inmigrantes que veñen de países cun menor nivel de desenvolvemento. Sen embargo, os fluxos de saída tenden a ignorarse con frecuencia, en parte pola maior dificultade para recabarmos información certa sobre eles. É de salientar que o saldo migratorio positivo (454.232) que se reflicte no seguinte gráfico compensou o saldo vexetativo negativo de 57.146 persoas.

Táboa 3
Movementos migratorios exteriores


	Inmigración	Emigración	Saldo migratorio
Total	750.480	296.248	454.232
De españois	84.458	76.092	8.366
De estranxeiros	666.022	220.156	445.866

A suma dos datos desagregados pode diferir do total debido ao redondeo.

Saldo migratorio = Inmigracións - Emigracións

Fonte: INE. Estatística de migracións/Indicadores demográficos básicos. Datos ano 2019

Gráfico 10
Evolución da emigración e inmigración en España. De calquera nacionalidade.



Unidade: persoas

Fonte: INE

Aos fluxos de orixe estranxeira súmanse tamén a saída dun número importante de mozas e mozos que abandonaron España no período final da crise, desanimados pola precariedade e falta de expectativas laborais que facían imposible a súa definitiva emancipación. Por outra banda, cómpre considerar que os

41 As entradas de estranxeiros fóronse retardando desde 2009. Desde as 566.000 entradas procedentes do estranxeiro que se rexistraron no ano 2008, o tamaño dos fluxos de inmigración anuais foise reducindo ata tocar fondo en 2013.

En canto á composición por idade e sexo, no tempo transcorrido desde o inicio da crise de 2008 obsérvanse algunhas pequenas variacións. Pasamos dunha poboación inmigrante lixeiramente masculinizada (93 mulleres por cada 100 homes en 2008) a outra practicamente igualada no primeiro semestre de 2020⁴². A variación cabe interpretala debida, en parte, ao crecemento dos colectivos procedentes de Centro América e da Europa non comunitaria, con forte predominio feminino, pero tamén ao avance do proceso de reagrupamento familiar e á maior incidencia do retorno entre os homes, especialmente de aqueles que non formaran ou reagruparan ás súas familias en España cando o desemprego azoutou aos sectores máis masculinizados, como a construción.

Os datos anteriores reflicten como na última década España, cun peso desigual ao nivel provincial e de CC.AA (mapa 5), consolídase como un país de inmigración cada vez máis maduro, que combina o asentamento prolongado dalgunhas comunidades coa chegada recente doutras novas. Velaí que as políticas precisen deseñarse non só para facer fronte á cuestión da xestión de fluxos, tratando de propiciar a selección de aqueles que máis e mellor podan contribuír ao crecemento e á cohesión social, se non tamén para xestionar a crecente diversidade interna do conxunto da poboación, que se estendeu dos centros de traballo ás escolas.

Cómpre introducir as importantes reflexións que proporciona o último Informe do Observatorio Social de La Caixa (Dossier 09,) ⁴³ aparecido en decembro de 2020, acerca da importante contribución da poboación inmigrante na recuperación demográfica das áreas rurais e o impacto da pandemia neste colectivo. Salienta o informe que preto do 10 por cento dos residentes en municipios españois de menos de 10.000 habitantes naceu no estranxeiro. No grupo de entre 20 e 39 anos a cifra rolda o 16 por cento, polo que os inmigrantes impulsan a renovación xeracional da España despoboada⁴⁴.

Verbo da actual pandemia salientase no devandito informe que esta situación crítica permitiu tomar conciencia da importante achega que a poboación foránea realiza para “garantizar la producción alimentaria y especialmente a la vida de nuestros pueblos”. Aclárase que sen embargo “muchos de los trabajadores inmigrantes han sufrido la pandemia hacinados”⁴⁵. O informe recalca así mesmo que a precariedade laboral castiga especialmente a este colectivo e que a taxa de risco de pobreza das e dos inmigrantes que residen en España, un 46 por cento en 2017, sitúase moi por encima á do mesmo grupo da Unión Europea; situación aínda peor no caso das mulleres inmigrantes⁴⁶.

42 As cifras do INE para o primeiro semestre de 2020 (acerca dos fluxos de inmigración procedente do estranxeiro por semestre e sexo) son de 122.701 homes e 122.600 mulleres.

43 *Inmigración: retos y oportunidades*. Observatorio Social de La Caixa. Dossier 09, decembro 2020.

44 No informe preséntase unha radiografía da evolución da poboación rural, segundo a cal o asentamento de poboación estranxeira seguiu un proceso de difusión continua de leste a oeste, desde os enclaves rurais das rexións litorais mediterráneas cara a outras zonas do interior, e foise abrindo a novos mercados laborais. Desde finais dos anos noventa hai un aumento notable da poboación estranxeira desprazada a municipios rurais grazas á agricultura exportadora, á construción, ao turismo e á demanda de coidados, explica o estudo.

45 Salientase no dossier da Fundación La Caixa que “en 2018, el 13,2% de la población de origen extranjero en España residía en viviendas sobreocupadas, frente al 3,2% de la población autóctona”

46 Faise eco destas consideracións Isidro Fainé Presidente da Fundación Bancaria “la Caixa” que na súa “carta” que precede ao texto do informe escribe textualmente: “Si asumimos que la inmigración es uno de los grandes retos de la sociedad española del futuro, debemos en primer lugar reconocer su contribución al bienestar económico y social de una población necesitada de capital humano. Asimismo, los cambios demográficos debidos a los nuevos habitantes de nuestro país han traído una sociedad más diversa y cosmopolita. Pero hay que procurar que la diversidad actual no conduzca a un aumento de la desigualdad. Debemos tener en cuenta que una parte importante de los nuevos vecinos disponen de menos recursos económicos y educativos, y esta carencia los hace vulnerables al riesgo de exclusión social. Por eso el reto consiste también en integrar culturas, lenguas y religiones; es decir, se trata de un reto sobre todo cívico y educativo. En una sociedad que ha sido golpeada por una crisis sanitaria sin precedentes, los ciudadanos han tomado conciencia de que el futuro se construye entre todos. Para ello, el Observatorio Social en general y este Dossier en concreto dan la oportunidad de conocer, de manera atrayente y asequible, resultados y reflexiones que, como herramientas interpretativas, pueden contribuir al debate y a la toma de decisiones coherentes y fundamentadas en un asunto tan sensible como el de la inmigración”.

Táboa 4.
Emigracións, Inmigracións e Saldo migratorio. 2020

Tipoloxía	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Emigracións	82.712	36.120	9.303	11.573	25.716
Emigración interna	61.711	26.908	6.622	8.905	19.276
Emigración externa	21.001	9.212	2.681	2.668	6.440
A outra comunidade	14.862	6.363	2.013	1.942	4.544
Ao estranxeiro	6.139	2.849	668	726	1.896
Inmigracións	97.328	41.594	11.380	14.142	30.212
Inmigración interna	61.711	26.924	6.549	9.103	19.135
Inmigración externa	35.617	14.670	4.831	5.039	11.077
Doutra comunidade	21.070	8.673	3.047	3.086	6.264
Do estranxeiro	14.547	5.997	1.784	1.953	4.813
Saldo migratorio	14.616	5.474	2.077	2.569	4.496
Saldo migratorio interno	-	16	-73	198	-141
Saldo migratorio externo	14.616	5.458	2.150	2.371	4.637
Co resto de España	6.208	2.310	1.034	1.144	1.720
Co estranxeiro	8.408	3.148	1.116	1.227	2.917

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais. Elaboración IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

A migración é a variable demográfica máis relacionada coa actividade económica. E isto foi así, e está ben documentado no caso de Galicia, tanto en tempos pasados, de dominancia en Galicia da agricultura familiar de base orgánica, no período de crise definitiva da mesma así como nos actuais, en que a emigración estase a converter no factor clave e o máis volátil na previsión da evolución de poboacións marcadas pola súa estrutura envellecida⁴⁷.

No caso particular de Galicia hai que retrotraer aos anos oitenta do pasado século, cando Galicia está coñecendo o fin do seu crecemento vexetativo, a constatación, de novo, do importante papel da emigración na súa dinámica demográfica, coincidente precisamente co cambio de signo da balanza migratoria neses anos. Pensemos que a nosa Comunidade, ata ben entrado o último cuarto do século pasado, podía considerarse un acaído paradigma de “país de emigración”, exterior e interior. Foino por un tempo longo. Convertida a emigración en característica estrutural da súa sociedade, desde un xa apartado século XVIII, aínda hoxe se proxectan os seus efectos na estrutura de idades da poboación, principalmente⁴⁸.


Nas dúas últimas décadas, e de maneira máis acentuada desde 1999, Galicia está a vivir a súa particular transición migratoria. E de país expulsor de man de obra - en xeneral, pouco cualificada-, pasou, nun lapso moi breve de tempo, a recibir poboación procedente do estranxeiro, especialmente poboación retornada e inmigrante, se ben esta última con contribucións porcentuais máis reducidas que as relativas á media española, como ben reflicten o gráfico seguinte e o anterior mapa 5.

⁴⁷ O que explica, por outra parte, que nas últimas dúas décadas se xestase unha enorme e crecente atención pola migración internacional, un feito singular que caracteriza o escenario mundial contemporáneo. Niso está a influir tamén a percepción de que está a cambiar moi axiña a contorna global na que a oferta de migrantes deixará de ser ilimitada como veu sucedendo ata os tempos actuais.

⁴⁸ Que a emigración constituíse por tanto tempo un carácter estrutural para o conxunto da sociedade galega non autoriza a pensar que se trate en todo momento do mesmo avatar nin menos que obedeza sempre ás mesmas causas.

Gráfico 13.

Estranxeiros con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor a 30.06.2020 segundo réxime xurídico e comunidade autónoma de residencia. Variacións semestrais e interanuais.



	30.06.2020		Variación semestral respecto a 31.12.2019		Variación anual respecto a 30.06.2019	
Tipoloxía	R. Libre Circulación UE	R. Xeral	R. Libre Circulación UE	R. Xeral	R. Libre Circulación UE	R. Xeral
Total	3.501.088	2.300.858	1,9 %	3,3 %	4,4 %	5,5 %
Cataluña	642.546	641.195	2,7 %	2,0 %	6,1 %	3,4 %
Comunidade de Madrid	567.164	395.191	2,0 %	6,5 %	4,9 %	9,1 %
Andalucía	544.525	287.631	1,8 %	3,0 %	4,2 %	6,1 %
Comunidade Valenciana	513.404	253.089	1,6 %	2,8 %	3,6 %	5,3 %
Canarias	256.636	78.630	2,1 %	4,4 %	5,1 %	8,2 %
Illas Baleares	184.666	77.077	2,0 %	2,1 %	4,3 %	4,8 %
Castela – A Mancha	145.180	73.910	0,7 %	2,4 %	1,7 %	4,6 %
Castela e León	134.001	54.551	0,8 %	3,9 %	2,4 %	8,0 %
Aragón	122.500	66.951	1,0 %	2,6 %	2,4 %	5,0 %
Rexión de Murcia	81.679	150.175	2,6 %	0,1 %	5,8 %	0,5 %

Galicia	72.323	35.719	2,1 %	8,0 %	4,8 %	15,7 %
País Vasco	71.876	75.022	2,4 %	4,9 %	5,0 %	8,3 %
Comunidade Foral de Navarra	38.978	27.503	1,9 %	4,3 %	5,1 %	8,0 %
Estremadura	33.348	15.429	0,8 %	1,6 %	2,0 %	2,9 %
Principado de Asturias	31.050	14.637	1,0 %	5,2 %	3,2 %	10,2 %
A Ríoxa	26.469	20.403	1,8 %	2,1 %	2,7 %	3,9 %
Cantabria	24.821	14.057	1,0 %	2,1 %	2,1 %	4,7 %
Melilla	5.679	10.802	3,8 %	1,9 %	7,7 %	1,1 %
Ceuta	3.204	3.103	1,7 %	2,2 %	2,2 %	1,8 %

Fonte: Observatorio permanente da inmigración. Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social. Setembro 2020.

Pero a pesar de que a inmigración en Galicia é inferior á doutras autonomías españolas, é evidente que no espazo galego se tratou tamén dun feito de natureza crecente e irreversible, que se alimentou, especialmente no caso da inmigración latinoamericana (aínda que non en todos os casos de inmigrantes desta procedencia)⁴⁹, pola existencia de sólidas redes migratorias tecidas por familiares de anteriores emigrantes a aquel continente.

Táboa 5.
Poboación de nacionalidade estranxeira. Ano 2019. Persoas

	Homes	Mulleres	Total
España	2.520.145	2.516.733	5.036.878
Galicia	17.930	20.177	38.107
A Coruña	7.393	7.191	14.584
Lugo	6.787	7.384	14.171
Ourense	16.488	17.518	34.006
Pontevedra	62.075	60.300	122.375

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes 2019.

Táboa 6.
Movementos migratorios externos. Ano 2019. Persoas

	2018	2019	Variación interanual
Emigración externa	30.366	28.853	-4,98 %
A outra comunidade	19.198	19.778	3,02 %
Ao estranxeiro	11.168	9.075	-18,74 %
Inmigración externa	42.757	46.600	8,99 %
Doutra comunidade	18.574	19.668	5,89 %
Do estranxeiro	24.183	26.932	11,37 %

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais. Elaboración IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

⁴⁹ Pensemos no caso da inmigración procedente de Ecuador, Perú, Colombia.

Nas anteriores táboas elaboradas polo IGE a partir de datos do INE de 2019 preséntanse a poboación de nacionalidade estranxeira radicada en Galicia a 1 de xaneiro dese ano así como os movementos migratorios externos. En 2019 aumentaron as emigracións a outra Comunidade Autónoma (un 3,92 por cento máis que en 2018) e diminuíron as dirixidas cara o estranxeiro (18,74 por cento menos que no ano precedente), o que sitúa o saldo migratorio externo en 17.747 persoas.

Táboa 7.

Inmigración de retorno a Galicia segundo o tipo da migración e sexo, 2019.

	Inmigración externa			Doutra CCAA			Do estranxeiro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	9.462	4.953	4.509	6.624	3.368	3.256	2.838	1.585	1.253
A Coruña	3.872	2.009	1.863	2.619	1.336	1.283	1.253	673	580
Lugo	927	474	453	761	377	384	166	97	69
Ourense	1.346	721	625	855	433	422	491	288	203
Pontevedra	3.317	1.749	1.568	2.389	1.222	1.167	928	527	401

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais. Elaboración IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

No caso dos “retornos” cómpre considerar que moitas veces son protagonizados tamén por descendentes de aqueles homes e mulleres que partiran de Galicia na anterior ou na antepasada xeración.

E se nos circunscribimos á emigración exterior pódese engadir que a dimensión do colectivo de “residentes ausentes”, en países de diversos continentes (principalmente América, Europa, Australia) pode entenderse, cos necesarios matices, como unha expresión do mesmo e dilatado fenómeno migratorio. A circunstancia anterior garda igualmente relación coa importancia que reviste o “retorno” (tanto desde outras comunidades autónomas españolas como do estranxeiro) na nosa Comunidade.

Táboa 8.

Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro e inscrita nalgunha provincia de Galicia. Distribución segundo o sexo e a idade. 2020

	Homes	Mulleres	Total
Total	254.731	268.941	523.672
Menos de 16 anos	26.518	26.060	52.578
De 16 a 64 anos	155.654	156.110	311.764
De 65 ou máis anos	72.559	86.771	159.330

Fonte: INE. Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE).

Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de 2020

A día 1 de xaneiro de 2020 residían no estranxeiro un total de 523.672 persoas de nacionalidade española e inscritas nalgunha provincia galega no Padrón de españois residentes no Extranxeiro (PERE). O 34,6 por cento residía en Arxentina seguido a certa distancia de Brasil. Segundo a idade, o 10 por cento das persoas inscritas no PERE teñen menos de 16 anos; o 59,5 por cento entre 16 e 54 anos e o 30,4 por cento restante 65 ou máis anos.

No informe *Galicia, perspectivas demográficas*, antes citado, estúdase a significación demográfica, económica e social da migración intracomunitaria e inter provincial, e o seu efecto na redistribución da poboación no territorio galego. No apartado seguinte abórdase tamén o significado da “mobilidade”.

A urbanización

Máis da metade da poboación do mundo vive hoxe en zonas urbanas, fronte ao trinta por cento en 1950, e estímase que a proporción chegue a dous terzos para 2050⁵⁰. As consecuencias da distribución espacial das persoas son obxecto de intenso debate. Algúns fan fincapé nos beneficios económicos que as concentracións urbanas significan, como unha abundante oferta de man de obra e mercados para a venda de bens e servizos. Outros destacan as presións que as poboacións urbanas densas impoñen sobre os recursos de terra, aire e auga; o consumo desproporcionado de combustibles fósiles polos habitantes urbanos e a consecuente emisión de gases de efecto invernadoiro; o tempo e as dificultades do transporte no medio urbano e o feito de que máis de mil millóns de persoas en todo o mundo viven en precarios barrios marxinais.

Nun contexto de urbanización acelerada cobra unha enorme atención a análise da dinámica do crecemento urbano. Este implica aumentos demográficos nos núcleos principais, concentración económica, un modo de vida particular e sobre todo a artificialización do solo, é dicir, a ocupación do solo para a construción de vivendas, infraestruturas e equipamentos.

Cómpre ter en conta que o proceso de urbanización vai ligado inexorablemente ao desenvolvemento económico e en consecuencia comezou de forma acelerada en aquelas rexións que primeiro conseguiron transformar as súas estruturas produtivas desde as actividades agrícolas e gandeiras ás industriais e comerciais.

A primeira conclusión, a teor do anterior, sería que os procesos de urbanización non son homoxéneos entre continentes e que as maiores aglomeracións non se localizan nas rexións máis urbanizadas. Temos así que, aínda que existe unha elevada correlación entre grao de urbanización e nivel de desenvolvemento a nivel agregado, os procesos de urbanización non operan en todos os lugares do mesmo modo.


Entendermos as razóns últimas polas que se produce o crecemento urbano, así como a localización das cidades nos lugares onde o fan é una cuestión fundamental porque as cidades non só supoñen concentración da poboación, e do talento, se non tamén concentración da produción, a actividade e a riqueza, así como unha maior produtividade e xeración de coñecemento e innovación e, en consecuencia, da renda. Estímase que as cidades en sentido amplo son responsables da xeración de máis do 80 por cento do Produto Interior Bruto (PIB) a nivel mundial.

Europa, como vimos, é un dos continentes máis urbanizados do mundo. Case tres cuartas partes da súa poboación vive actualmente en áreas urbanas e as cidades europeas desempeñan un papel fundamental como motores da economía.

As cidades europeas presentan unha serie de características que as fan diferentes das doutros continentes. As grandes aglomeracións urbanas son escasas, só París e Londres teñen máis de 10 millóns de residentes. Pola contra, os europeos e europeas prefiren vivir en cidades de tamaños intermedios. Debido a esta distribución de tamaños o número de cidades é relativamente numeroso se o comparamos co doutras rexións do mundo.

50 As cifras globais esconden, con todo, importantes diferencias rexionais. Se en 1950 máis da metade da poboación podía ser clasificada como urbana en América do Norte, Europa e Oceanía, en África e Asia a poboación urbana non alcanzaba o vinte por cento nese mesmo ano. Hoxe en día o continente máis urbanizado é América – América do Norte, cun 82 por cento de poboación urbana, seguido por América Latina e Caribe, 80 por cento-, e Europa, con ao redor do 74 por cento. Pola súa parte, África e Asia aínda non alcanzan o 50 por cento de poboación residente en áreas urbanas.

Gráfico 14.
Poboación da EU-27 por tipoloxía rexional urbana/rural



Fonte: Eurostat.

Esta estrutura de cidades ten algunhas consecuencias de interese. Por unha banda, a densidade das cidades europeas, ao redor de 3.000 habitantes por km², é practicamente o dobre do das cidades de América do Norte, 1.600 residentes por km², pero só a metade da densidade das cidades de África e Asia, ao redor de 6.000 habitantes por km². A baixa densidade das cidades de América do Norte mostra unha preferencia pola cidade dispersa, fronte á cidade compacta europea, e o consecuente uso preferente do coche privado como medio de transporte.

As grandes urbes son lugares de creatividade, innovación, conectividade e centros de servizos. E son tamén lugares onde determinados problemas, como o desemprego, a pobreza, a criminalidade, a contaminación ou certas formas de segregación preséntanse en maior medida que nas áreas rurais. Así pois as cidades son lugares máis propicios á polarización económica e social que o mundo rural e máis proclives a sufrir os efectos da covid 19 como se está a observar.

Hai xa ben tempo que as cidades europeas desbordan os límites administrativos locais nos que se organiza a administración do estado moderno e demandan formas novas de gobernabilidade que transcendan os anteriores lindeiros e se adapten con rapidez a un mundo cambiante. Un mundo no que se xerou unha realidade metropolitana complexa, onde a cidade clásica e as súas periferias amplas definen as claves da organización do espazo.


Ao igual que sucede cando comparamos o grao de urbanización a nivel mundial co existente nos diversos continentes, os países europeos non presentan un grao uniforme de urbanización. En todos os países a poboación urbana supera a rural, pero máis alá deste feito o grao de dispersión é notable⁵¹. España sitúase no promedio europeo a nivel agregado.

Aínda que a nivel global as cifras non ofrecen dúbidas do continuado proceso de urbanización que está a ter lugar a escala global, a comparación entre países, ou mesmo entre continentes, mostra importantes diferenzas de acordo coa definición de cidade ou área urbana que tomemos como referencia para a análise. Un aspecto metodolóxico de especial importancia. Non existe actualmente a nivel global unha definición homoxénea, internacionalmente harmonizada, do urbano para a análise e a comparación entre países do grao de urbanización. Hai uns anos foi desenvolvida pola Comisión Europea (Dijkstra e Poelman 2012; 2014) e a OCDE (2012) unha metodoloxía de delimitación de cidades e áreas urbanas funcionais que actualmente é de implementación en toda a Unión Europea⁵².

51 Nalgúns países a poboación urbana apenas supera o 50 por cento, como en Luxemburgo ou Romanía, mentres que noutros é superior ao 85 por cento, como é o caso de Islandia, Países Baixos, Reino Unido ou Malta, onde a práctica totalidade da súa poboación reside en aglomeracións urbanas.

52 O punto de partida é que as aglomeracións urbanas deben ser definidas de forma independente respecto aos lindes administrativos en que se organiza territorialmente o estado. Pártese dunha nova ferramenta estatística especialmente deseñada para este fin, a distribución da poboación sobre unha malla regular de celas de 1km x 1km., o que permite coñecer a distribución da poboación sobre o territorio de forma independente respecto á división administrativa prefixada. A partir desta cuadrícula defínense os centros urbanos ou aglomeracións urbanas de alta densidade como o conxunto de celas contiguas cunha densidade mínima de 1.500 habitantes por km², e un limiar mínimo de poboación de 50.000 habitantes. Así pois, o concepto de centro urbano da UE combina requisitos mínimos de densidade e de tamaño demográfico, pero faino sen referencia aos lindes municipais, senón a partir da distribución da poboación segundo unha malla regular de 1km².

Gráfico 15.
O fenómeno urbano en España e Europa



(% sobre total español para cada variable)

Fonte: BBVA Research a partir de Eurostat.

A metodoloxía desenvolvida pola Comisión Europea e a OCDE distingue entre a cidade, determinada a partir dos centros urbanos, e a súa área de influencia, identificando desta forma espazos económicos integrados en termos dos mercados de traballo e consumo. O criterio xeral baséase no commuting e consiste en identificar os municipios limítrofes nos que polo menos o 15 por cento dos seus residentes traballan ou estudan na gran cidade ou conurbación. Trátase pois dun criterio funcional, razón pola cal a estas áreas se lles denomina áreas urbanas funcionais (AUF)⁵³.

En España predominan as áreas urbanas de tamaño relativamente reducido, xa que practicamente a metade delas, 35, teñen só entre 100 e 250 mil habitantes, o que representa o 18 por cento da poboación residente nas AUF. Claramente o panorama urbano español está dominado polas grandes áreas urbanas de Madrid e Barcelona, notablemente distanciadas do resto en termos de tamaño, aínda que ambas sexan áreas de tan só mediana, ou mesmo pequena, dimensión cando as comparamos con algunhas das existentes en Europa e outros continentes.

A metodoloxía desenvolvida no ano 2011 por Eurostat xunto con outros organismos da UE e a OCDE aplicouna o IGE⁵⁴ aos concellos galegos para determinar o “grao de urbanización” (GU 2011) (IGE, 2011). No 2016, publicouse unha actualización desta clasificación (IGE 2016), que emprega a mesma metodoloxía, pero á poboación de 2011. Na GU 2016, ao igual que na GU 2011, clasifícanse os concellos segundo o grao de urbanización en seis zonas: ZDP, ZIP alta, ZIP baixa, ZPP alta, ZPP intermedia e ZPP baixa. Os concellos incluídos na ZDP non se subclasifican; esta categoría permanece invariable. Pola contra, a ZIP subclasifícase en dúas categorías e a ZPP en tres.

53 Con esta metodoloxía Eurostat identifica para España 73 áreas urbanas funcionais que integran un total de 1.252 municipios. As 73 áreas urbanas funcionais consideradas son, á súa vez, heteroxéneas, tanto en superficie e tamaño demográfico como en composición municipal, que oscila entre só dous municipios e os 166 que compoñen a AUF de Madrid.

54 O IGE difundiu en novembro de 2020 unha nova actividade estatística ‘Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1km²’, onde se mellora a desagregación no territorio da poboación de Galicia.

Táboa 9.
Distribución da poboación segundo o grao de urbanización

Grao 2016	Poboación 2015	Superficie (Km2)	% poboación	% superficie	% poboación
ZDP	989.936	982,3	36,2	3,3	36,2
ZIP	995.642	4.398,70	36,4	14,9	36,4
ZPP	746.769	24.194,40	27,3	81,8	27,3
Total	2.732.347	29.575,40	100	100	100

Fonte: IGE

Táboa 10.
Distribución da poboación segundo o subgrao de urbanización

Grao 2016	Poboación 2015	Superficie (Km2)	% poboación	% superficie	% poboación
ZDP	989.936	982,3	36,2	3,3	36,2
ZIP alta	765.849	2.782,20	28	9,4	36,4
ZIP baixa	229.793	1.616,50	8,4	5,5	27,3
ZPP alta	204.097	2.281,10	7,5	7,7	36,2
ZPP intermedia	129.348	2.632,30	4,7	8,9	36,4
ZPP baixa	413.324	19.281,00	15,1	65,2	27,3
Total	2.732.347	29.575,40	100	100	100

Fonte: IGE


Galicia rexistra por primeira vez en 2007 máis poboación en áreas urbanas que rurais. A Galicia de hoxe preséntasenos desde hai anos xa como unha sociedade fundamentalmente urbana, faltando como faltan grandes centros urbanos.

É máis, o modelo territorial urbano xa non é só metropolitano –dous de cada tres persoas galegas viven nalgunha área metropolitana-, asistíndose a unha crecente desarticulación ambiental derivada do actual modelo de conurbación difusa que xera unha expansión da superficie ocupada por riba do crecemento da poboación. Tendencia que se incrementará nos próximos anos, non só en Galicia tamén a escala global como ficou apuntado.

O anterior non está en contradición co feito de que a fragmentación dos asentamentos poboacionais continúe a ser un dos trazos territoriais máis singulares de Galicia que conta (datos de 2019) con 3.771 das 4.920 entidades colectivas que hai en España e con máis de 30 mil entidades singulares, preto da metade (48,9 por cento) das entidades singulares hispanas, e máis da metade dos diseminados españois⁵⁵.

55 O 41,8 por cento destes diseminados atópase na provincia de Lugo e o 31,4 por cento na da Coruña.

Mapa 6.
Concellos de Galicia segundo o subgrao de urbanización. 2016



Fonte: IGE. Clasificación do grao de urbanización dos concellos (GU2016)

Unha visión actual do mapa urbano de Galicia séguese ben a partir da clasificación sobre o grao de urbanización proposta polo Instituto Galego de Estatística (IGE), como se observa nas anteriores táboas e mapa. Máis do 65,12 por cento da poboación vive, en 2019, en zonas densamente poboadas (ZDP) ou en zonas intermedias (ZIP) pero cun grao de urbanización alto (ZIP alta), ocupando a poboación o 12,7 por cento da superficie do territorio. As zonas densamente poboadas e intermedias correspóndense coas áreas dos nove concellos máis grandes de Galicia (Ferrol, Narón, A Coruña, Santiago, Vilagarcía, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense). As zonas intermedias unen a área de Ferrol-Narón coa zona da Coruña, ata Carballo. Tamén unen Santiago co sur da provincia de Pontevedra pola costa. Moitas son zonas que non pertencen propiamente a periferias urbanas pero sí están baixo a súa influencia pola existencia de importantes vías de comunicación. Nesta zona intermedia tamén se inclúen espazos que se poderían considerar urbanos por ter unha poboación considerable (Como A Estrada, Lalín, a costa norte da Ría de Arousa ou a zona de Verín) ou por presentar unha importante puxanza económica (Como Cervo, Burela e Viveiro na Mariña Lucense ou os concellos da zona de Valdeorras).

O acelerado proceso de urbanización en Galicia desde os anos sesenta do pasado século ocasionou unha drástica redución dos efectivos humanos no rural. Estes fluxos de poboación conformábanos xente que viñan de preto, do interior do país, mostrando distintos tipos de asentamento segundo a área urbana de destino⁵⁶. Estimouse (Puga e Castro, 2015) que, a altura do 2012, máis de dous millóns duascenas trinta

⁵⁶ No caso de Vigo e A Coruña, as dúas maiores áreas metropolitanas, “un de cada cinco residentes na cidade central en 2012 nacera noutra provincia” (Puga e Castro, 2015). Sen embargo nas áreas metropolitanas de máis recente expansión e en núcleos centrais moi densificados (como é o caso de Ourense ou de Santiago de Compostela) é xa a periferia metropolitana a que acolle a maior parte da poboación de fóra. Por outra parte, igualmente nas pequenas cidades e vilas un de cada dez habitantes proviña doutra provincia.

mil persoas vivían nunha área metropolitana ou nalgunha pequena cidade ou vila, constituíndo máis do oitenta por cento da poboación. A maior parte das e dos habitantes da Galicia urbana, en torno ao millón de persoas, residen nesa altura nalgunha das cidades cabeceiras de ámbitos metropolitanos; e unha de cada catro persoas galegas reside nas periferias urbanas que, durante as últimas décadas se foron conformando ao redor desas cidades centrais que foran modelos compactos de cidade.

A Galicia das cidades e dos espazos periurbanos –e habería que incluír tamén a das vilas- evolucionou a unha nova condición onde a distinción entre dentro e fóra se dilúe e onde a orde xerárquica característica do vello espazo urbano da paso á heteroxeneidade, á fragmentación e á dispersión⁵⁷.

Os espazos urbanos galegos acolleron un fluxo non desprezable de poboación estranxeira nas últimas décadas. Así, segundo datos das demógrafas antes citadas, no 2012 un 10 por cento das e dos habitantes das cidades centrais eran de nacionalidade estranxeira; representando este sector inmigrante procedente do exterior o oito por cento da poboación residente tanto nas periferias urbanas como nas pequenas cidades e vilas. Un fluxo que se está a incrementar nestes dous últimos anos, cun maior peso de poboación retornada.

Un proceso de urbanización, en definitiva, con importantes consecuencias territoriais máis alá dun incremento da poboación, como son o crecemento urbano disperso, a artificialización do solo, os cambios na localización das actividades industriais e terciarias, a modificación dos fluxos de mobilidade ou o desbordamento dos lindeiros municipais. Verbo do problema da mobilidade cómpre decatármolos que a dispersión do poboamento e os novos hábitos nun medio rural cada vez máis heteroxéneo son realidades que explican o notable incremento da mobilidade cotiá que por carencias na oferta de transporte público se recorre ao transporte privado. Pensemos que tamén se foron incorporando novos residentes ao medio rural, especialmente nas periferias urbanas, creando espazos uniformes e segregados que alteran a vella cohesión social.

Temos visto en que medida o crecemento das cidades e dos seus espazos urbanos periféricos constitúe a principal novidade na organización territorial de Galicia desde mediados do século XX⁵⁸. Unha periferia que, como sucedeu en xeral en España, sufriu profundas transformacións ao longo dos últimos cincuenta ou sesenta anos, motivadas polo rápido crecemento demográfico e económico experimentado no núcleo urbano inicial, supoñendo unha modificación na mesma periferia a nivel morfolóxico e funcional, vendo alterada ao longo do proceso a súa condición.

Segundo estimacións de J. González (2015) a “poboación de feito das principais cidades galegas da actualidade no decorrer da primeira metade do século XX” experimentaron un importante aumento poboacional⁵⁹. Tratábase de urbes daquela ben delimitadas espacialmente e pouco extensas que, agás nos casos da Coruña e Vigo, apenas viran alterada a centralidade urbana por non terse producido un desprazamento significativo desde a vella urbe cara aos ensanches⁶⁰.

Interpretouse a orixe das periferias como unha forma de resposta á incapacidade de absorción do centro urbano, ante os crecementos acaecidos principalmente co proceso de industrialización, xurdindo o espazo da periferia como unha área de apoio, de carácter subordinado e dependente do centro urbano compacto⁶¹.

57 Se á altura dos anos 1970 o auxe da urbanización se traducira no importante crecemento das sete cidades principais, nos finais desa mesma década e con máis forza na seguinte danse fenómenos de crecemento periurbano nas inmediacións das urbes o que levará ao predominio do crecemento centrífugo fronte ao crecemento centrípeto dos anos sesenta.

58 Non se aborda aquí a debilidade do fenómeno urbano galego con anterioridade a 1960, momento no que a organización do espazo galego seguía a ser fundamentalmente rural. Tan só se incluírán referencias ao incremento da poboación urbana entre 1900 e 1960 e, obviamente, posteriores.

59 Na Coruña dun 303,67 por cento; en Ferrol o aumento sitúase nun 195,87 por cento; en Santiago de Compostela en 137,00 por cento; Lugo 116,12 por cento; Ourense 322,22 por cento; Pontevedra 126,07 por cento e Vigo, onde se produce o crecemento máis espectacular, elévase a 523,04 por cento”.

60 “Nas cidades menores- anota J. González (2015)- o proceso de abandono, degradación e perda de centralidade da urbe preindustrial é máis lento, como sucedeu en Lugo e Santiago de Compostela”.

61 Un espazo periurbano xestado xeralmente á marxe dos plans urbanísticos e no que predominan os usos residenciais, de tipoloxía diversa e non consolidada, dando lugar a unha contorna carente de marxes que contrasta coas características da cidade compacta,

Asistiuse en Galicia, en definitiva, a unha constante mutación da realidade da organización espacial das áreas urbanas causada pola consecución de procesos de urbanización interrelacionados como a desconcentración do crecemento, a aparición de fenómenos de urbanización difusa e, nas cidades máis importantes, a metropolitanización. Feitos aqueles tamén polos desenvolvementos no ámbito das tecnoloxías que posibilitan unha maior mobilidade da poboación, que xunto coa descentralización da economía resultarán nunha nova condición na que a periferia adquire trazos urbanos, polo que aínda carecendo das características de intensidade, densidade e continuidade da cidade tradicional, reproduce unha gran variedade de funcións e de servizos, que a fan perder o seu carácter subordinado e polos que xorde a denominada cidade difusa en expresión do urbanista italiano F. Indovina.

O resultado, como ben se aprecia en Galicia, é unha forma urbana descontinua – a “metropolitanización do territorio” en palabras do mesmo urbanista- e caracterizada polas baixas densidades, cunha configuración apoiada en accións individuais, e pola repetición de construcións illadas.

Non é tan só a morfoloxía urbana a que cambia impulsada pola acelerada dinámica social, é o territorio ao completo o que muda. Como repite F. Indovina (2019) “nos últimos anos a condición metropolitana independizouse da vella urbe compacta para colonizar espazos que xa non son nin campo nin cidade: cidade de cidades, metrópoles rexionais, campo urbanizado... Os conceptos multiplícanse para dar conta dunha realidade nova”.

Nesta nova configuración do espazo as vías de comunicación e as infraestruturas adquiren un papel central. Serven, por unha banda, de soporte físico que posibilita a transformación do territorio e por outro alternan o factor tempo e as distancias, reducindo ambos a meros percorridos e provocando unha maior aproximación entre o centro urbano e a periferia.

Deste xeito a periferia adquire novas características de accesibilidade. E temas como o da mobilidade -entendida aquí como a capacidade que temos as persoas para desprazarnos no espazo xeográfico- cobran unha importancia grande. Pensemos que en Galicia a grande dispersión dos asentamentos de poboación tradicionais, a extensión da cidade difusa e o carácter policéntrico da rede urbana outórganlle un papel clave á mobilidade comarcal e supracomarcal.

Igualmente se atopa na evolución das tecnoloxías e nos cambios nas formas de producir, de consumir e de comunicarse, o desenvolvemento dunha nova sociedade consumidora de espazos de maiores dimensións, os que fronte á incapacidade de resposta do centro, atopan localización fóra deste, presentando os espazos na periferia maiores posibilidades para as alternancias sociais.

na que os límites son claros, os tecidos homoxéneos e consolidados, e na que teñen lugar diversidade de funcións.


Consideracións acerca do crecemento da poboación

O crecemento poboacional foi extremadamente lento no decorrer da maior parte da historia humana. Os mil millóns de habitantes non se consignan ata principios do século XIX, non acadándose os dous mil millóns ata a década de 1920. Despois o seu crecemento sería moito máis rápido: chégase aos tres mil millóns en 1960, aos cinco mil en 1987 e sáltase a sete mil millóns en outubro de 2011, que en decembro de 2019 xa eran sete mil setecentos millóns.

No momento actual a poboación mundial supera os sete mil oitocentos millóns de habitantes e continúa en aumento, se ben o seu ritmo de crecemento comezou a diminuír⁶². As previsións de NN.UU⁶³ apuntan a que a taxa de crecemento poboacional se reduza á metade, de agora a 2050. Un ritmo de crecemento, por outra parte, moi desigualmente repartido⁶⁴.

A proporción da poboación europea sobre a poboación mundial está a diminuír nunha proporción moi notable como ben se reflicte no gráfico seguinte.

Gráfico 16.
Poboación mundial, por continente, 1960-2070.



Fonte: Departamento de Asuntos Económicos e Sociais das Nacións Unidas. División de Poboación (2019)

62 Así no período 1965-1970 este se situaba nun 2,06 por cento anual (o que equivale a unha duplicación cada trinta e catro anos) ao 1,08 por cento por ano (o que significa que se duplica cada 64 anos).

63 Perspectivas da Poboación Mundial 2019: Aspectos Destacados, publicado pola División de Poboación do Departamento de Asuntos Económicos e Sociais das Nacións Unidas.


64 Así África ten a maior taxa de crecemento, 2,44 por cento (que se traduce nunha duplicación cada 28 anos) e Europa ten a máis baixa, 0,04 por cento (o que implicaría un período de duplicación de 173 anos).

E se ben Europa non é o único continente que está envellecendo, sí é o de maior idade media. Isto non nos oculta que a poboación europea crecera de maneira constante no decorrer do tempo. A poboación UE-27 aumentou un vinte e cinco por cento desde 1960, ata acadar os case 447 millóns (2019), se ben se debuxan notables diferencias entre países, así como no seu interior.

Espérase que, non por moito tempo, a tendencia xeral de crecemento da poboación se manteña. Lembremos que xa desde 2012 o número de mortes no espazo UE-27 supera o número de nacementos, o que significa que sen migración neta positiva a poboación europea entraría nunha fase de devalo. Sen embargo as proxeccións de Eurostat apuntan que o tamaño da poboación total de Europa se manterá practicamente estable nas dúas próximas décadas.

Mapa 7


Variación total da poboación nas rexións NUTS3, 2011-2019



Fonte: Eurostat

Ficou apuntado, entre outros en anteriores traballos do OGDD, como Galicia asiste ao fin do crecemento vexetativo desde un moi distante xa 1986. Nesta dirección, en *Galicia, perspectivas demográficas* (2018) pódese apreciar o papel dos fluxos migratorios exteriores á hora de determinar as variacións no crecemento real da poboación na nosa comunidade autónoma pois ao igual que está a suceder nas sociedades desenvolvidas, as dinámicas migratorias son o elemento fundamental, ante o cambio de modelo reprodutivo, na explicación do crecemento ou decrecemento da poboación.

Gráfico 17.
Evolución da poboación en Galicia dende 1900




Fonte: INE. Censos de poboación. Padrón municipal de habitantes.

Nun período longo de observación o crecemento dos efectivos da poboación galega foi e está a ser menor que o crecemento medio da poboación española. A taxa de crecemento acumulado anual reflicte uns valores cada vez menores, distanciándose progresivamente da taxa española.

As variacións de poboación nas últimas décadas evidencian como os procesos de retorno migratorio e de inmigración apenas logran compensar, e non sempre, os balances negativos do crecemento vexetativo, así como recobra importancia a emigración⁶⁵.

Se da observación do crecemento vexetativo, moi influenciado así mesmo pola estrutura de idades da poboación, pasamos á análise do crecemento real atopámonos en Galicia co aparente paradoxo de asistirmos a unha certa estabilidade da poboación global ata tempos ben recentes.

Gráfico 18.
Evolución da poboación de Galicia por sexos, 1975-2018.




Fonte: INE. Censos de poboación. Padrón municipal de habitantes. Nos anos 1991 e 1981 considérase a poboación dos censos e nos restantes anos a do padrón.

⁶⁵ No período intercensal 2001-2011, mentres a poboación galega aumentou un 2,29 por cento, a española fíxoo nun 14,77 por cento. Pola contra, nos seis anos do intervalo 2011-2017 a poboación galega tivo un descenso conxunto do 3,12 por cento, mentres a poboación española limitaba o seu decrecemento ao 1,31 por cento.

A 1 de xaneiro de 2019 contaba Galicia con 2.699.499 habitantes (1.400.535 mulleres e 1.298.964 homes)⁶⁶, o que a sitúa en España como a quinta comunidade autónoma por número de habitantes. Os datos de 2017, 2018 e 2019 fálannos xa dun descenso non pronunciado. Cómpre salientar unha vez máis que das cifras anteriores pode deducirse a importancia do ciclo económico na evolución da poboación, así na chegada de poboación de fóra como no incremento do número de nacementos.

Gráfico 19.

Evolución do número de nacementos, defuncións e do saldo vexetativo. Galicia. 1975-2019



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2019

⁶⁶ Como resultado dunha diminución do número de defuncións e de nacementos no último ano, o saldo vexetativo en Galicia pasa de -15.859 no ano 2018 a -15.552 en 2019.

Unha aproximación aos efectos demográficos da actual crise sociosanitaria

A modo de recapitulación do anotado anteriormente cómpre empezar apuntando agora que a pandemia volveu máis urxente a incorporación da perspectiva demográfica nas actuacións da administración. Trataríase de maximizar deste xeito o potencial da administración á hora de interpretar e adaptarse ao cambio demográfico, enfrontando no conxunto e en cada unha das súas actuacións, de ser o caso, os retos que presenta un cambio da magnitude do descrito en páxinas precedentes. Así mesmo, a preocupación ambiental, a emerxencia climática, a revalorización do mundo rural, a necesidade de adoptarmos hábitos de vida saudable desde a infancia... vense máis urxentes desde a aparición da pandemia⁶⁷, sen esquecer outros igualmente decisivos na organización da vida actual como a maior e mellor conectividade.

De maneira especial enténdese que a vida, a saúde e o benestar son primordiais e constitúen prerequisites para reactivar a economía, de modo que as políticas de control e mitigación en materia de saúde e a política económica estean aliñadas⁶⁸. Recordabanno recentemente os autores do informe *Public Health Ethics and Covid-19*⁶⁹ coa súa teima de que as pandemias son manifestacións “tanto sociais e políticas, como o son biolóxicas”, alertando da súa capacidade de agrandar as desigualdades sociais. O presidente da Fundación de Ciencias da Saúde, Diego Gracia, enfatizaba o feito de que “as epidemias respóndense con cambios culturais” para o que se precisa educación sanitaria e ecoloxía, materias pendentes do ser humano ante as pandemias.

Apuntabamos igualmente nas páxinas de presentación que unha das primeiras leccións da pandemia foi sinalar a necesidade de reforzar a gobernanza, asumindo pública e privadamente maiores cotas de responsabilidade á hora de asegurar o benestar persoal e colectivo. Reforzar a gobernanza, insístíase no Informe tantas veces citado da UE, entraña xerar e potenciar valores compartidos que beneficien o conxunto da sociedade civil, a iniciativa privada, o mundo académico e o sector público creando un ecosistema que permita a superación da experiencia inédita, e moitas veces frustrante, orixinada por unha pandemia que se pensaba allea a un mundo supostamente dominado polo coñecemento técnico e científico e polos continuos avances médicos.

Ao abeiro da gobernanza o tema de benestar e saúde ocupa un lugar central na abordaxe da actual situación de crise sociosanitaria e o seu correlato de crise económica e cultural. Ambos temas demandan unha decidida adaptación ao cambio (na nosa forma de vida individual e colectiva e na forma de encarar a nosa realidade económica, social e cultural), urxido, agora máis que nunca, polas circunstancias actuais. Constitúe unha demanda xeneralizada entre os profesionais dos campos sociosanitarios e da xente de ciencia e investigación a integración da sanidade e os servizos sociais ou cando menos unha estrita coordinación que se considera clave no modelo de benestar futuro, sempre que se asuma que a sanidade nun país é un investimento, non un gasto. Máis aínda nunha situación crítica na que o sistema de I+D+i revelouose como a única vía, poderíase dicir, para superar a pandemia que estamos a sufrir.

Esta circunstancia levou a valorar o traballo científico, as veces non percibido por moitas persoas, seica pola súa complexidade, como especialmente relevante para a súa vida. Pero o virus SARS-COV-2 mudou de golpe esta percepción. Tras a declaración da pandemia pola OMS toda a atención virou cara a ciencia.

67 En palabras tomadas do médico compostelán Carlos Pose non se pode esquecer que a degradación do medio ambiente, xunto co comercio non regulado de animais salvaxes e o crecemento exponencial do transporte aéreo mundial, fixeron posible que un virus que circulaba soamente entre unha especie de morcegos no sueste asiático houbera contagiado a millóns de persoas en todo o mundo, provocase un sufrimento humano incalculable e detivese as actividades económicas e sociais de todo o mundo.

68 A interdependencia entre a saúde e a economía, sabémolo ben, non é un concepto novo, pero a pandemia evidencia de forma moi clara esta relación. Como sosteñen M. McKee e D. Stuckler en *Nature Medicine*, volume 26 (2020), “se o mundo falla na protección da economía, a Covid-19 danará a saúde non só agora se non tamén no futuro” advertindo que a relación entre a economía e a saúde é complexa, nada lineal ou exclusivamente inmediata e menos aínda nesta dinámica actual de solapamento dunha crise epidémica con outra económica baixo o substrato aínda dos efectos dunha recesión previa.

69 Pertencentes ao grupo de traballo Working Group Ethics / AG Ethik, integrado por bioeticistas estadounidenses e europeos.

E como salienta o microbiólogo navarro Ignacio López-Goñi no seu moi recente libro Preparados para la próxima pandemia. Reflexiones desde la ciencia, a ciencia estaba preparada⁷⁰. E en Galicia tamén, e así o puxo en evidencia a rápida resposta do seu sistema de ciencia e investigación, como se está a informar decotío, cunha acrecentada preocupación pola transferencia de coñecemento e de procesos innovadores.

Os avances científicos (entre os que se contan igualmente importantes achegas das ciencias sociais e das humanidades) agudizaron a necesidade de impulsar infraestruturas de xestión de datos: a súa almacenaxe, catalogación, repositorios, e moi especialmente revelouse a urxencia de desenvolver un sistema integrado de intercambio de información sociosanitario entre as administracións central, autonómica e local⁷¹.

Cómpre que empecemos reparando nalgúns datos, se ben fragmentarios, que nos acercan ao impacto da pandemia na morbilidade e mortalidade. Sinalemos antes que son comúns os laios entre o persoal investigador da pandemia⁷² pola fragilidade dos datos estatísticos de carácter sociodemográfico dispoñibles e máis se se reduce o noso ámbito de observación e precisamos unha desagregación ao nivel da nosa comunidade autónoma ou a nivel provincial, pese os esforzos de carácter administrativo despregados en moitos casos e dos que se fan un pronto eco os medios de comunicación.

Unha primeira forma de achegármonos á incidencia da mortalidade é acudir á observación do comportamento da mortalidade por todas as causas⁷³, que nos ofrece para España o Sistema de Monitorización da Mortalidade Diaria (MOMO), integrado no Instituto de Salud Carlos III dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación⁷⁴.

A 29 de decembro de 2020 estímase para o conxunto de España dous períodos de exceso⁷⁵ polo sistema MOMO como se reproduce no gráfico seguinte:

70 Salienta López-Goñi que “en tan solo unos días se identificó al causante, un coronavirus. El 13 de enero ya estaba disponible en la web de la OMS el protocolo para la técnica de la PCR para detectar el virus y en mayo ya había 270 test diagnósticos distintos. En unos meses, científicos de todo el planeta secuenciaron más de 90.000 genomas de pacientes repartidos por todo el mundo, para así conocer mejor el patógeno y ver cómo y en qué circunstancias muta. En seis meses se publicaron 40.000 artículos científicos sobre el SARS-CoV-2, cuando sobre el primer coronavirus, el SARS, se escribieron unos 1.000. Se han probado decenas de tratamientos distintos (antivirales, antiinflamatorios, plasma de pacientes recuperados...) y la OMS puso en marcha un programa, Solidaridad, por el que 400 hospitales de 35 países han compartido los datos sobre la eficacia de todos esos medicamentos. Y finalmente está la gran esperanza, el único camino de regreso a la vida anterior, la vacuna. Hay 125 candidatos y 3 de ellos están en el mercado menos de un año después de que se identificara esa misteriosa neumonía en China. Nunca, en la historia, se había logrado este hito tan rápido. Las vacunas tardan decenas de años en desarrollarse y para algunos virus, como el VIH, ni siquiera existen”.

71 As dificultades cos datos teñen sido unha constante, como así mesmo apuntaba o grupo de expertos que reiteradamente ven pedindo un exame dos fallos da xestión en España, mencionando entre as súas preocupacións os “sistemas de información sanitaria”. Algúns sistemas melloraron nestes meses - díciase- e as Administracións van tendo mellores indicadores. Pero a información segue a ser lenta, escasa e a penas accesible. É lóxico -recoñécese- que os esforzos se centren en conseguir os datos máis útiles para controlar a epidemia, “pero esa información debería ser en boa parte pública e transparente. É un exercicio natural de rendición de contas e un ben en si mesmo: moitos cidadáns queren coñecer a realidade e non encomendarse cegamente a ninguén”.

72 Repítense, por exemplo, no estudo de Usaba Bilal, Tim Riffe e Sergi Trias-Llimós antes citado, e ao que se pode acceder no repositorio MedRxiv).


73 O Sistema de Monitorización da Mortalidade diaria (MoMo) en España, utiliza a información de mortalidade por todas as causas que se obtén diariamente de 3.929 rexistros civís informatizados do Ministerio de Xustiza, correspondentes ao 93% da poboación española e que inclúe todas as provincias. As estimacións de mortalidade esperada realízanse mediante modelos restritivos de medias históricas baseados na mortalidade observada dos últimos 10 anos. As defuncións observadas nos últimos 28 días corríxense polo atraso na notificación, tendo en conta tres factores: o número de defuncións notificadas diariamente, a distribución de defuncións notificadas diariamente e do número medio de falecidos por día, aplicando unha regularización á estimación por máxima verosimilitude.

74 España participa na rede europea EuroMOMO (European monitoring of excess mortality for public health action. Dispoñible en: <http://www.euromomo.eu/>) para a estimación dos excesos de mortalidade por todas as causas cun modelo común en todos os países. Os datos actualízanse xoves-venres de cada semana.

75 Hai que considerar tamén as persoas que morreron por outras causas nun ano no que aumentaron os falecementos debido, en moitas ocasións, á detección e o tratamento tardío cando a sanidade achábase desbordada.

Gráfico 20

Mortalidade por todas as causas observada e esperada. España, decembro 2019 ata 29 de decembro de 2020



Defuncións observadas (negro) e defuncións estimadas (azul), co intervalo de confianza ao 99 por cento (banda azul).

Fonte: Vigilancia de la Mortalidad Diaria. Centro Nacional de Epidemiología (ISCIII)

Na táboa seguinte móstranse as estimacións de mortalidade nos períodos de exceso sinalados. En España producíronse dous períodos de exceso de mortalidade por todas as causas⁷⁶, segundo apuntan os datos anteriores: no período do 10 de marzo ao 9 de maio e do 20 de xullo ao 20 de decembro. No primeiro período sinalado o exceso é superior nas mulleres (72 por cento); mentres que no caso dos homes se rexistra un 67 por cento. Por grupos de idade, concéntranse no de maiores de 74 anos (78 por cento), seguido do grupo de idade de 65 a 74 anos (58 por cento). No segundo período (do 20 de xullo ao 20 de decembro) o exceso tamén é superior nas mulleres (21 por cento), lixeiramente superior que no caso dos varóns (19 por cento), concentrándose no grupo de idade de 74 anos (19 por cento).

⁷⁶ Hai que considerar tamén as persoas que morreron por outras causas nun ano no que aumentaron os falecementos debido, en moitas ocasións, á detección e o tratamento tardío cando a sanidade se achaba desbordada.

Táboa 11.

Períodos de exceso de mortalidade (días de inicio e fin), defuncións observadas, estimadas, exceso de defuncións e porcentaxe de exceso de defuncións por todas as causas, para toda a poboación, por sexo e por grupos de idade. España.

Poboación	obs N	est N	exc N	exc %
Periodo de exceso de mortalidade				
10.03.2020 ao 09.05.2020				
Todos	111.253	66.654	44.599	66,9
Homes	55.815	33.406	22.408	67,1
Mulleres	54.377	31.650	22.728	71,8
Idade < 65	11.773	9.283	2.490	26,8
Idade 65-74	14.438	9.162	5.276	57,6
Idade > 74	85.042	47.815	37.227	77,9
20.07.2020 ao 20.12.2020				
Todos	183.841	157.656	26.186	16,6
Homes	94.117	79.256	14.861	18,8
Mulleres	89.549	74.286	15.263	20,5
Idade < 65	25.497	23.173	2.324	10,0
Idade 65-74	25.558	22.068	3.490	15,8
Idade > 74	132.785	111.640	21.146	18,9

obs N: número de defuncións observadas no período comprendido entre a data de inicio e fin do exceso

est N: número de defuncións estimadas no período comprendido entre a data de inicio e fin do exceso

exc N: número de defuncións en exceso (observadas por encima das estimadas) no período

exc %: porcentaxe de defuncións en exceso no período

Fonte: Vigilancia de la Mortalidad Diaria. Centro Nacional de Epidemiología (ISCIII)


Ao nivel de comunidades autónomas hai unha gran heteroxeneidade no comportamento da mortalidade⁷⁷. Sinalemos tamén que segundo os datos quincenais que publica o INE a partir dos rexistros civís o exceso de mortes ata mediados de xaneiro supera as oitenta mil desde marzo (80.605).

No caso concreto de Galicia estímase un período de exceso polo sistema MOMO, como se reflicte no seguinte gráfico 21 de Mortalidade por todas as causas observada e esperada. Galicia, decembro 2019 ata 29 de decembro de 2020.

⁷⁷ A nivel de CCAA detectáronse excesos de mortalidade en Andalucía, Aragón, Asturias, Illas Baleares, Canarias, Cantabria, Castela e León, Castela A Mancha, Cataluña, Comunitat Valenciana, Extremadura, Galicia, Comunidade de Madrid, Murcia, Navarra, País Vasco e A Rioxa. Nelas, o exceso de mortalidade concéntrase nos grupos de idade de maiores de 74 e entre 65 e 74 anos.

Gráfico 21.

Mortalidade por todas as causas observada e esperada. Galicia, decembro 2019 ata 29 de decembro de 2020.



Defuncións observadas (negro) e defuncións estimadas (azul), co intervalo de confianza ao 99 por cento (banda azul).

Fonte: Vigilancia de la Mortalidad Diaria. Centro Nacional de Epidemiología (ISCIII)

Na seguinte táboa 12 móstranse para Galicia os períodos de exceso de mortalidade (días de inicio e fin), defuncións observadas, estimadas, exceso de defuncións e porcentaxe de exceso de defuncións por todas as causas, para toda a poboación, por sexo e por grupos de idade.

Táboa 12.

Períodos de exceso de mortalidade (días de inicio e fin), defuncións observadas, estimadas, exceso de defuncións e porcentaxe de exceso de defuncións por todas as causas, para toda a poboación, por sexo e por grupos de idade. Galicia.

Poboación	obs N	est N	exc N	esc %
Periodo de exceso de mortalidade				
24.03.2020 ao 21.04.2020				
Todos	3.082	2.558	524	20,5
Homes	1.547	1.263	284	22,5
Mulleres	1.532	1.268	264	20,8
Idade < 65	297	292	6	1,9
Idade 65-74	352	333	19	5,7
Idade > 74	2.433	1.945	88	25,1


Fonte: Vigilancia de la Mortalidad Diaria. Centro Nacional de Epidemiología (ISCIII)

Segundo o “Centro Nacional de Epidemiología”, en España o número de mortes entre o 10 de marzo e o 9 de abril incrementouse un 64,3 por cento: 43.556 mortes máis das esperadas. Despois esa cifra foi descendendo ata situarse en parámetros practicamente normais, con pequenos picos de subida. Pero a finais de xullo, a medida que foron incrementándose os brotes e os contaxios en gran parte do territorio, a porcentaxe volveu subir. Sen incrementos tan espectaculares, pero cunha factura evidente. Do 27 de xullo ao 15 de agosto hai un exceso de 2.540 falecidos.

A gran diferenza coa primeira onda radica na mortalidade, pois, polo menos de momento, aínda que esta estea a subir na segunda onda xa vivida e na terceira que estamos a sufrir⁷⁸, o récord de casos non se está a corresponder un de defuncións. Obsérvase ben nos seguintes gráficos publicados no xornal *La Voz de Galicia* do día 13 de xaneiro deste ano 2021 a incidencia do coronavirus na nosa comunidade.

Gráfico 22.


Casos activos. Casos confirmados por PCR día a día desde o inicio da pandemia



Fonte: Sergas. Gráfico: La Voz de Galicia. Creado por Datawrapper


⁷⁸ Desde os últimos días de decembro e que se corresponde coa campaña de vacinación en marcha.

Gráfico 23.
Evolución de hospitalizados e ingresados en UCI



Fonte: Sergas. Gráfico: La Voz de Galicia. Creado por Datawrapper

Gráfico 24
Novos casos diarios de covid-19. Casos confirmados diariamente por proba PCR



Fonte: Sergas. Gráfico: La Voz de Galicia. Creado por Datawrapper

O martes 12 de xaneiro deste ano 2021 a Consellería de Sanidade notificaba que as vítimas mortais desde o inicio da pandemia ascendían a 1.474. A terceira onda chegou cunha forza irresistible en medio dunha fase de alto nivel de transmisión, que se achaca en parte a que as baixas temperaturas e a temporada vacacional empuxa ás persoas cara os espazos pechados.


O mesmo xornal (do 13 de xaneiro) recollía que “Galicia sumou 1.047 novos contaxios nun só día, 928 detectados a través dunha PCR. Os últimos datos do Sergas fan referencia ao período comprendido entre as 18.00 horas do 11 de xaneiro e as 18.00 do día 12. 24 horas nas que se alcanzou unha cifra nunca vista en

toda a pandemia tras realizar máis de 10.000 PCR (catro mil máis que o día anterior). A comunidade vai de récord en récord desde o final das festas navideñas, o sábado 9 de xaneiro alcanzáronse os 914 positivos diarios e este martes foron 844. A taxa de positividade sitúase no 11 por cento, máis do dobre do límite fixado pola OMS para dar por controlada a pandemia e por encima do 10 por cento que marca a fronteira para pasar a unha situación de alto risco”.

Tamén este mesmo día 13 de xaneiro o Ministerio de Sanidade notificaba que a incidencia acumulada no conxunto de España supera os 500 casos por cen mil habitantes en 14 días e coa velocidade de transmisión en aumento pois hai tan só unha semana a incidencia acumulada estaba en 321 casos por cen mil habitantes. O 14 de xaneiro o director do centro de “Coordinación y Alertas Sanitarias” do ministerio de Sanidade declaraba que subira a positividade (en torno a un 16 por cento), mentres que se mantiña a letalidade nas cifras dos últimos meses, arredor do 1 por cento.

Porcentaxe de persoas infectadas, por xénero

Fonte: Consellería de Sanidade



Cómpre, por outra parte, como ficou sinalado, atender á complexidade da análise do envellecemento da poboación deslindándoa da análise da lonxevidade. Unha cuestión que segue necesitada de ser tratada con maior amplitude no contexto da actual crise sociosanitaria. Unha crise que puxo en cuestión as nosas formas de vida e descubriunos que o virus se aproveita das nosas debilidades biolóxicas pero tamén das debilidades sociais.

Lembrábanos o Informe da UE, e confirman os datos anteriores, “ que a xeración das nosas persoas maiores é a que máis sufriu, que as persoas de idade avanzada foron as máis vulnerables nesta crise. Non só teñen un maior risco de padecer complicacións se contraen a enfermidade, senón que ademais se atopan entre as que máis soas e máis illadas estiveron polas medidas de distanciamento social e de confinamento adoptadas en toda Europa co obxectivo de salvar vidas. A necesidade de solidariedade entre xeracións é un dos elementos esenciais da recuperación de Europa”.

Verbo da vulnerabilidade de que se fala neste informe, pensemos que desde unha óptica estritamente demográfica, hai dous factores que condicionan a vulnerabilidade⁷⁹ das poboacións ante unha epidemia das características da covid-19. O primeiro factor é, loxicamente, a estrutura da poboación, a proporción de persoas por grupos de idades e, especialmente, a proporción de xente anciá, a máis vulnerable. Reducir os contaxios entre estes grupos é unha estratexia eficiente para reducir a mortalidade. Agora ben, os contaxios poden producirse fora e dentro do fogar (e non esquezamos que os últimos estudos indican que cerca do 50 por cento da transmisión do virus causante da covid-19 se produce por persoas asintomáticas).

No intento de reducir o impacto do virus, sabemos que o confinamento reduce de maneira decidida o número de contaxios fóra dos fogares (infeccións primarias); pero as persoas infectadas poden seguir transmitindo a enfermidade dentro dos fogares (infeccións secundarias). E aquí entra en xogo o segundo factor: a estrutura dos fogares, ou o que é dicir, as pautas de co-residencia da poboación, e en especial, as da poboación maior. Nos fogares con máis membros, o risco de contaxiarse dentro do fogar é maior. E se no fogar hai persoas maiores, a mortalidade tamén habería ser maior⁸⁰.

⁷⁹ Enténdese vulnerabilidade como a proporción de persoas dunha poboación que podería morrer a consecuencia do virus.

⁸⁰ A súa vez, este risco está modulado polo tamaño da vivenda e o número de habitacións.


É preciso insistir nisto porque á hora de tomar medidas para mitigar os efectos adversos da covid-19, desde o campo da epidemioloxía e desde instancias políticas debería ter en conta como a estrutura por idades e os patróns de co-residencia condicionan a vulnerabilidade das poboacións diante da enfermidade.

A evidencia mostra que a poboación anciá é a máis vulnerable e, polo tanto, os territorios ou localidades máis envellecidas serán máis vulnerables. Unha investigación moi recente de Albert Esteve, director do Centro de Estudos Demográficos de Barcelona, atopaba que, polo xeral, a poboación menor de 65 anos podería chegar a inducir máis do 50 por cento das mortes por contaxios dentro do fogar, aínda que só o 14 por cento do referido grupo de idade resida con persoas maiores.

Este “paradoxo” explícase pola peculiar estrutura demográfica da poboación española e das súas pautas de co-residencia e pola sinalada relevancia das redes familiares. Así, o groso da xeración do baby-boom ten na actualidade entre 45 e 65 anos. E se ben os niveis de co-residencia desta xeración cos seus pais e/ou nais ou avós e/ou avoas son baixos en termos relativos, a porcentaxe de xente maior que está a vivir con algunha persoa desta xeración é relativamente alto.

En Galicia, como igualmente en España, un 56 por cento de persoas de 65 anos ou máis que comparte vivenda faino con alguén menor de 65. E entre as persoas de 80 ou máis anos que non viven soas, tamén o 55 por cento co-residen cunha persoa de menos de 65. Con respecto ao tema da co-residencia é de interese contemplar os datos seguintes, reproducidos nas figuras publicadas no xornal *Cinco Días*.


Como viven os mozos?



Mapa das zonas




Por idade, área e tipo de vivenda



Fuente: Aedas-Homes

Por idade, poder adquisitivo e tipo de vivenda



BELEN TRINCADO / CINCO DÍAS

As políticas de confinamento ou de 'des-confinamento' haberían ter en conta estas realidades e as diferencias existentes entre territorios. As estratexias de (des)confinamento, como as aplicadas na pasada primavera, non poden basearse exclusivamente en criterios de idade posto que a poboación relativamente nova, e con menor risco (ata o momento) de padecer complicacións, poden contaxiar a persoas maiores dentro dos fogares, como si vemos que está a suceder nestes últimos meses.

Máis alá da idade (e sempre cunha postura de alerta fronte ao edadismo), as estratexias de "(des)confinamento" e os modelos epidemiolóxicos deberían incorporar con maior intensidade datos demográficos e de fogares para evitar, especialmente, a transmisión da enfermidade a persoas anciás.

Aspectos como a densidade fóra e dentro dos fogares haberían ser estudados tamén. Afortunadamente, cóntase cos datos para analizarmos a fondo a realidade demográfica de cada territorio e que estratexias de confinamento e distancia social serían máis efectivas nos diversos territorios para minimizar o risco de contaxios e a afectación no día a día das nosas vidas.

Especialmente crítica co edadismo solapado na organización da "desescalada" móstrase Adela Cortina (*El País*, 20 xuño 2020), que acuña o termo de "xerontofobia" para referirse ao temor, a prevención, a aversión ou o desprezo á xente anciá, que sen dúbida xa existía-afirma-, pero agora sae á luz con máis claridade. "Dos factores- escribe-, fundamentalmente, han servido de palanca para levar a la esfera pública la realidad de esa animadversión solapada. Por una parte, la organización de la desescalada, atendiendo al criterio de la edad para asignar franjas horarias de desconfinamiento diferenciadas, ha dado la sensación equivocada de que existe un abismo entre los grupos de edad, que la mezcla es perjudicial. Por otra parte, la saturación que se ha producido en algunas UCI ha parecido reclamar un triaje, para el que en ocasiones se ha recurrido también al criterio de la edad, e incluso a esa noción perversa de vidas sin valor social. Son dos cuestiones distintas, sin duda, pero coinciden en haber hecho patente ese edadismo, esa discriminación por razón de edad, que ve en las personas ancianas seres improductivos, una carga para la sociedad, una amenaza para la sostenibilidad del sistema de pensiones y la protección social".

A preocupación pola calidade de vida daquela poboación que se percibe máis vulnerable, como é o caso das persoas maiores e o mesmo hai que sinalar da infancia, nun contexto ademais dominado polo acelerado proceso de urbanización que coñecemos alzou a un primeiro plano a preocupación pola calidade de vida nas cidades. Sen descoñecer tampouco que estamos a vivir nunha sociedade postransicional, o que implica non só sociedades con persoas de máis idade senón, moi especialmente, de persoas de máis idades tamén.

E falarmos de calidade de vida nas contornas urbanas obríganos a pensar na variedade de facetas ou dimensións que abarca a idea de calidade de vida, pois non se limita a aspectos directamente vinculados á capacidade de consumo ou á riqueza das familias, como a renda media dos fogares ou o valor do seu patrimonio inmobiliario: Comprende tamén outros aspectos como as condicións de saúde da poboación, o dinamismo do mercado local de traballo, a presenza ou non de bolsas de pobreza e marxinación social, a seguridade cidadá, as posibilidades ofrecidas polo uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións na relación entre a cidadanía e a administración local, e os tempos requiridos para os desprazamentos desde o lugar de residencia ao de traballo.

A gravidade da situación que estamos a vivir pola pandemia sitúan nun primeiro plano os temas sociais e de coidado da saúde e obrigan a repensar proxectos como o das “contornas amigables”, tan vinculados ao programa de envellecemento activo e saudable pero de natureza transversal e con extensión a todas as idades, e que asignan un especial protagonismo aos temas de fogar e familia na súa estreita relación, ademais, coas contornas territoriais que se busca, na terminoloxía da Organización Mundial da Saúde, que sexan “amigables”.

O proxecto de cidades saudables da OMS vai máis alá, mesmo do espazo da cidade, supera os conceptos clásicos de saúde pública, rompe os moldes de prevención e protección, e desenvolve a promoción da saúde como alicerce básico da saúde do século XXI. Busca mellorar as contornas en que as persoas poden gañar ou perder saúde segundo os factores externos, como son o medio ambiente, o emprego, a falta de educación, a vivenda e a pobreza, que entre outros son os principais determinantes da saúde das persoas e transcenden o ámbito da atención sanitaria.

Cando estes determinantes actúan conxuntamente convértese nunha pesada carga para o individuo, difícil de soportar, e a distribución desta acumulación de cargas, que poñen en perigo a saúde, non se produce de maneira aleatoria senón en todo o gradiente social. A saúde e o benestar descansan sobre a base de ter cubertas as necesidades básicas. Promocionar a saúde e fomentar a equidade supón ter en conta as necesidades dos grupos máis desfavorecidos sen descoidar as accións universais a favor da equidade e a saúde.

De todo o sinalado con anterioridade salientemos, a modo de resume e á espera dos datos do INE⁸¹ que nos permitan coñecer o cómputo global de nacementos e defuncións nun ano marcado pola pandemia, o aumento da mortalidade, o previsible descenso na taxa de nacementos e unha non menos previsible (ao teor dos datos anteriormente sinalados) drástica redución da chegada de migrantes. Porén non se considera que a pegada demográfica sexa tan profunda como a pegada social e económica. Pensemos que o informe da OCDE do pasado mes de setembro sobre o impacto da covid-19 na educación insistía na gran repercusión económica que podería ter a medio e longo prazo o peche vivido nos colexios e as distintas alteracións na actividade escolar. Unha previsible perda, sinalaba, de aprendizaxe e habilidades e, por tanto de produtividade que pode xerar unha caída anual do 1,5 por cento do PIB durante anos. A principal secuela que ha deixar a crise pandémica é a da alteración de actitudes e comportamentos tras comprobar que as condicións de vida poden sufrir xa non só por crises orixinadas por desequilibrios económicos senón tamén por elementos considerados imprevisibles como a propagación dun virus das dimensións do causante da enfermidade da Covid-19, creando unha arraigada percepción de vulnerabilidade tamén no tecido social e empresarial. Espérase que en parte esa intimidación poida ser mitigada coa constitución do Fondo Next Generation EU destinado a facilitar a transición enerxética e dixital, posiblemente insuficiente en todo caso para reconducir de forma significativa os aumentos no desemprego e na desigualdade na distribución da renda.

81 Publicaranse en xuño de 2021

3

Análise Dafo-Came da Incidencia da actual crise sociosanitaria sobre a dinámica demográfica en Galicia

DAFO/CAME DEBILIDADES

DEBILIDADE 1

1.- Débil asunción do significado do cambio demográfico.

Á hora de proceder a análise e repercusións sobre a dinámica demográfica en Galicia da inesperada irrupción da actual pandemia de Covid-19 estanse a evidenciar as limitacións derivadas da falta dunha comprensión en profundidade do cambio demográfico. Estase a pór de manifesto a escasa consideración das profundas transformacións que caracterizan este proceso, ligadas (ademais das que afectan as variables demográficas como nacementos e defuncións) ao incremento da mobilidade e a importantes cambios sociais, económicos e de valores, que se traducen nunha crecente diversificación e complexidade nas traxectorias de vida individuais e familiares.

MEDIDAS PARA CORRIXIR A DEBILIDADE 1:

- Dotar de rigor a transferencia á cidadanía do estudo da poboación mediante o traballo conxunto dos poderes públicos, das institucións académicas e científicas, da sociedade civil e dos medios de comunicación social contribuindo así á mellora da gobernanza.
- Reforzar a gobernanza, asumindo pública e privadamente maiores cotas de responsabilidade á hora de asegurar o benestar persoal e colectivo.
- Urxe xerar e potenciar valores compartidos que beneficien o conxunto da sociedade civil, a iniciativa privada, o mundo académico e o sector público creando un ecosistema que permita a superación da experiencia da pandemia.
- Cómpre aproveitar o clima de preocupación creado pola acelerada sucesión de cifras de morbilidade e mortalidade e a, deseguido, aparición de profundas consecuencias sanitarias, económicas e sociais (con indicadores de recesión que non se coñecían desde hai moitas décadas), para acrecentar o interese pola análise da nova situación e medios de facerlle fronte no presente e no inmediato futuro.
- Urxe articular políticas de coordinación e de racionalización e optimización dos servizos públicos. O avance na coordinación e cooperación multinivel vai ser fundamental para asignar os niveis de atención que cada administración ten que desenvolver para relanzar a actividade educativa, cultural e a dos distintos sectores produtivos da nosa Comunidade Autónoma, co asesoramento de comisións sectoriais de expertos, axentes sociais e administracións públicas.

DEBILIDADE 2

2.- Prolongación da etapa de xuventude.

Nas dinámicas de poboación en Galicia pesa de maneira extraordinaria a prolongación da etapa de xuventude. A pandemia está a agravar o xa acusado retraso na emancipación residencial e na autonomía persoal neste grupo de idade (o da xeración da “dobre crise”, a económica iniciada no 2008 e a sociosanitaria e económica actual) debido ás maiores dificultades de acceso ao mercado laboral e á vivenda en condicións dignas, o que está a adiar aínda máis os calendarios de formación de parella e o fecundo (o que explica en gran medida o constante retraso na idade á primeira maternidade e á primeira paternidade).

MEDIDAS PARA CORRIXIR A DEBILIDADE 2:

- Promover a educación para a autonomía e facilitar con medidas de impulso a transición entre formación e comezo da vida laboral, mellorando a calidade do emprego ofrecido á mocidade e favorecendo o seu emprendemento e o desenvolvemento dos seus proxectos vitais.
- Faise agora máis urxente pór en marcha medidas que axuden á realización de diversas accións para mozos e mozas (formativas, para paliar a disrupción de oportunidades educativas e compensar a brecha educativa, de acceso á vivenda, e de impacto e inclusión no mercado laboral), dirixidas especialmente a apoiar a emancipación xuvenil e á promoción de programas para o desenvolvemento persoal e do talento.
- É necesario reflexionar sobre novas políticas activas de emprego que se adecúen á nova realidade socioeconómica.
- Precísase, agora máis que nunca, aplicar políticas efectivas de acceso á vivenda para a mocidade aproveitando a existencia de vivendas valeiras con potencial utilidade tanto no ámbito rural como no urbano, aptas para habitar e/ou rehabilitar.

DEBILIDADE 3

3.- Edadismo. Deficiente atención ao papel que ocupan as persoas maiores na sociedade.

O edadismo (discriminación por idade) fixo ao grupo de maiores “case invisibles” ata a pandemia. Escaso recoñecemento da lonxevidade como un éxito social e persoal favorecido polo feito de non terse moi frecuentemente abordado a complexidade da análise do envellecemento da poboación deslindándoa da análise da lonxevidade.

Consideración do grupo de idade persoas maiores como un todo homoxéneo.

MEDIDAS PARA CORRIXIR A DEBILIDADE 3:

- Considerar o progresivo atraso da “vellez” no curso vital atendendo á súa funcionalidade física e mental.
- Apostar polo establecemento dunha sociedade para todas as idades co que implica tamén de aposta pola solidariedade entre xeracións.
- Recoñecer e promover a autonomía das persoas maiores e visibilizar o seu papel como motor de cambio e a súa contribución ao benestar familiar e social.
- Superar a excesiva dependencia da consideración da etapa da vellez en relación co mercado laboral, ignorando que hai hoxe máis persoas economicamente “dependentes” en idade teórica de traballar que no caso das persoas maiores que non traballan.

DEBILIDADE 4

4.- Incremento pola crise sanitaria da preexistente inestabilidade e precariedade laboral dunha parte importante da poboación.

Incremento das xa de seu altas taxas de desemprego. A crise sanitaria está a evidenciar as carencias e desigualdades no acceso ás infraestruturas, equipamentos e destrezas dixitais polo que cómpre considerar en relación ao teletraballo o seu impacto nas condicións laborais e no benestar da poboación (atendendo tamén a sobrecarga que pode representar para as mulleres polas eivas en conciliación) e a posible polarización que o mesmo está a provocar entre as persoas que si poden acceder e as que non poden acceder a esta posibilidade.

A subsistencia dunha economía en paralelo e non contribuínte. Persistentes fendas salariais.

MEDIDAS PARA CORRIXIR A DEBILIDADE 4:

- Neste momento faise aínda máis necesario impulsar a actividade económica e o emprego estable e de calidade, promovendo unha formación adaptada ás necesidades do mercado laboral.
- Elevar a taxa de poboación graduada en F.P. e adaptar os plans de formación dual á estrutura produtiva galega.
- Contribuír a difundir o potencial da economía social para a creación de emprego de calidade.
- Impulsar políticas activas encamiñadas ao incremento da produtividade. Impulso da economía dixital.
- Articular un sistema eficiente e coordinado entre as diferentes administracións públicas para loitar contra a economía irregular e desenvolver unha estratexia de concienciación cidadá.
- Implementar mecanismos que eliminen as fendas salariais e fortalecer a perspectiva de xénero no ámbito do emprego, velando pola súa inclusión nas negociacións colectivas e na contratación pública.

DEBILIDADE 5

5.- A actual crise evidenciou unha vez máis a excesiva responsabilidade familiar na atención e coidado de persoas dependentes.

Incremento das xa de seu altas taxas de desemprego. A crise sanitaria está a evidenciar que as máis do 70% das persoas que coidan dependentes pertencen ao propio fogar e a esta situación súmase, na pandemia, a vulnerabilidade da convivencia interxeracional e o illamento das persoas coidadoras, especialmente no caso de fogares con todas as persoas convivintes maiores. A pandemia agravou algúns dos efectos, relacionados co déficit na prestación de servizos, derivados do incremento constante dos fogares unipersoais, con moita poboación maior vivindo soa, e dos fogares coa totalidade de persoas maiores de 65.

MEDIDAS PARA CORRIXIR A DEBILIDADE 5:

- Fomentar a asunción equilibrada de responsabilidades domésticas e de coidados e a superación de estereotipos de xénero a través de actuacións (desde os fogares, o ámbito educativo, a administración e as empresas) de información, formación e sensibilización, visibilizando o traballo reprodutivo en termos económicos e de sostemento da vida.
- Decatármonos que sen dar solución ás atribucións do traballo doméstico o teletraballo pode converterse nunha sobrecarga para as mulleres.
- Abordar a necesaria racionalización de horarios e a adaptación da xornada laboral.
- Repensar e reforzar o modelo asistencial ás persoas maiores, primando a atención domiciliaria que non deslocaliza ás persoas do seu hábitat natural e social, facéndoo complementario co modelo en residencias.
- Redesenñar e reforzar os programas de respiro familiar, levando a cabo unha planificación integrada e transversal que cubra as necesidades básicas da poboación de todo o territorio.
- Reforzar o seguimento -tanto telemático como presencial- da saúde (en especial das persoas maiores que viven soas). Reforzar a cobertura do servizo de teleasistencia.

DEBILIDADE 6

6.- Incremento coa pandemia de poboación en risco de pobreza e exclusión social, especialmente grave en fogares con menores a cargo.

Dadas as situacións de vulnerabilidade (laboral, residencial...), que xa eran altas, esta crise fixo transitar a moitas persoas desde a vulnerabilidade á pobreza e a outras desde a pobreza á exclusión, ao que se suma a súa maior exposición aos contaxios polo amoreamento en espazos de vivenda máis reducidos.

Existencia dun alto número de fogares cuxo único ingreso é unha prestación. Taxa de risco de pobreza e exclusión social agravada entre a poboación inmigrante.

MEDIDAS PARA CORREXIR A DEBILIDADE 6:

- **Reforzar as accións orientadas a reverter a evolución, agravada pola pandemia, do risco de pobreza mediante actuacións no mercado laboral, a través da formación e incentivos ao traballo.**
- **Impulsar medidas encamiñadas a elevar a renda das persoas cun menor poder adquisitivo.**
- **Reforzar a contorna social e económica das familias en situación de vulnerabilidade e /ou exclusión social con actuacións de carácter preventivo e de apoio.**
- **Ampliar a información, orientación e asesoramento ás persoas inmigrantes en diferentes materias dos ámbitos xurídicos, sociais, lingüísticos, educativos e laborais que faciliten a súa integración.**

DEBILIDADE 7

7.- Insuficiente coñecemento do alcance e implicacións dun modelo territorial hoxe fundamentalmente urbano.

Escasa atención prestada á constante mutación da realidade da organización espacial das áreas urbanas causada por procesos de urbanización interrelacionados, como a desconcentración do crecemento, a aparición de fenómenos de urbanización difusa e, nas cidades máis importantes, a “metropolitanización”.

Coñecemento insuficiente do papel que este modelo territorial asigna a un mundo rural diverso que ocupa unha gran parte do territorio galego. Desigual acceso aos servizos públicos en función do lugar de residencia.

Persistencia dunha importante fenda dixital nas zonas rurais.

Falta de abordaxe do tema do despoboamento rural no seu contexto sociodemográfico e económico.

MEDIDAS PARA CORRIXIR A DEBILIDADE 7:

- Coñecer o alcance e significación do modelo territorial imperante para poder articular políticas e actuacións no territorio e promover avances que procuren a adecuación entre os territorios a nivel funcional, institucional e relacional.
- Atender á responsabilidade do modelo territorial adoptado na polarización da poboación en Galicia.
- Elaborar unha estratexia asentada na dinamización económica do rural e nun acceso adecuado aos servizos e á alfabetización dixital e empregar estes recursos para poñelos ao servizo dunha economía competitiva que permita novos espazos de xeración de empresas. O teletraballo podería nese caso facilitar a volta ao rural.
- Potenciar os factores de natureza institucional, laboral, cultural, de comunicacións e o tecido industrial local para mobilizar os recursos endóxeos.

DEBILIDADE 8

8.- Insuficiente diversificación económica no medio rural

Desagrarización non compensada polo complexo agroindustrial e a débil estrutura de servizos (agravada polo elevado número de entidades de poboación) que eleva o éxodo rural por falta de expectativas (renda primaria per cápita do 71% da galega) e menos oportunidades para alcanzar un emprego ben remunerado e de perfil cualificado.

MEDIDAS PARA CORRIXIR A DEBILIDADE 8:

- Prestar especial atención nas circunstancias actuais a un documento estratéxico clave como é o Plan de Reconstrución “ Next Generation EU” da axenda europea, que incide, precisamente, en dixitalización, reactivación de economías locais, vivenda e axenda urbana no medio rural.
- Diversificación dos nichos do mercado laboral rural.
- Favorecer o desenvolvemento dun tecido agroindustrial, co impulso de actividades ligadas ao I+D+i.
- Impulsar e facilitar unha formación e profesionalización adecuadas ás necesidades dos novos sectores, incorporando mozas e mozos cualificados.
- Fomentar os circuítos pechados de produción, máis sustentables a nivel económico e medioambiental, que xeran maior riqueza e fortaleza na contorna, ou o impulso doutro tipo de actividades vinculadas ao ámbito rural que contribúan a pechar en Galicia os ciclos de transformación e comercialización de produtos.
- Fomentar o acceso á terra e á vivenda para as persoas que queiran desenvolver actividades no ámbito rural.
- Implementar políticas de acción positiva en materia de infraestruturas e acceso ás novas tecnoloxías orientadas a favorecer o desenvolvemento das potencialidades do rural.
- Optar por un modelo de turismo sustentable, de diversificación, que poña en valor o patrimonio do mundo rural, a súa biodiversidade, a súa cultura, a súa gastronomía...
- Priorizar o impulso de sinerxías coa transición ecolóxica que permitan ás zonas rurais converterse en lugares de investimento e innovación cara á economía verde, ás enerxías renovables, ao turismo sustentable e á economía circular.
- Adopción de medidas que permitan que os operadores de telecomunicacións dispoñan de conexións sen fíos para o rural nas mesmas condicións económicas e de prestacións das que se dispón con fíos no ámbito urbano.

DEBILIDADE 9

9.- Pegada da emigración do pasado século na actual estrutura de idades da poboación.

E Participación nos procesos migratorios actuais de mocidade moi cualificada.

Deficiente consideración de que a inmigración é hoxe en Galicia, e nas sociedades occidentais, unha compoñente fundamental do crecemento poboacional e que a globalidade está a provocar que os movementos migratorios se diversifiquen e aceleren.

MEDIDAS PARA CORRIXIR A DEBILIDADE 9:

- **Impulsar as políticas de retorno. Desenvolver unha estratexia dirixida á retención e captación do talento para favorecer o retorno dunha xeración adulta nova en posesión dun importante capital humano e que motivacións fundamentalmente económicas e de promoción da súa carreira profesional e de investigación levou a desenvolver o seu proxecto profesional no exterior.**
- **Fomentar as potencialidades da “Galicia exterior” na proxección internacional de Galicia.**

AMEAZA 1

1.- Persisten na análise da dinámica demográfica ideas do pasado prestándoselle escasa atención á significación das variacións na estrutura de idades.

Non ter en conta que unha das leccións que nos depara a situación crítica que estamos a atravesar é a de incrementar a nosa conciencia acerca de que vivimos nunha comunidade interdependente, e que a dinámica da poboación, a nivel global, interactúa con practicamente todas as dimensións da discusión pública sobre a pandemia.

Consideración illada do descenso da mortalidade e da fecundidade, sen atender as relacións entre os cambios nos roles de xénero, as transformacións das familias e a fecundidade.

Confusións en torno ao significado do termo envellecemento demográfico.

MEDIDAS PARA AFRONTAR A AMEAZA 1:

- Fomentar estudos e publicacións que analicen as implicacións entre cambio demográfico, cambio familiar e cambios no mercado laboral e no sistema produtivo en xeral, así como dos cambios culturais. Divulgar os resultados das investigacións entre a cidadanía.
- Alentar medidas que favorezan a implicación de toda a sociedade na abordaxe consensuada do cambio demográfico e o impacto sociosanitario da pandemia para acordar políticas estables que permitan resultados a medio e longo prazo.
- Entender que, como as necesidades e capacidades das persoas varían no seu curso de vida, as consecuencias da variación da estrutura etaria poden ser significativas. Salientar que eses cambios poden promover o crecemento económico, ofrecendo o que se coñece como un dividendo demográfico (impulso ao ingreso per cápita asociado coa caída da fecundidade).
- Considerar que hoxe toda unha xeración está a chegar á idade maior con máis saúde, máis experiencia, máis coñecementos e unha posibilidade real de contribuír activamente á sociedade (entre outras actividades, en traballo de sostén familiar e na economía social).
- Aproveitar que a actual pandemia está a pór de manifesto a necesidade de crear espazos e preparar á sociedade para un cambio na construción social do que é a vellez.

AMEAZA 2

2.- Insuficiente consideración de que os dous elementos fundamentais, á hora de entender a orixe e desenvolvemento das epidemias e da actual pandemia en particular, son a educación para a saúde e a forma na que os seres humanos nos relacionamos coa contorna.

Esquecemento de que as pandemias son manifestacións tanto biolóxicas como sociais e políticas, o que demanda un cambio educativo e cultural. Escasa consideración de que a contorna física na que se desenvolve a actividade humana, determina os modos e estilos de vida das persoas, e non necesariamente o medio é favorecedor debido tamén a dificultades para as relacións ou debido á degradación ambiental provocada polos desenvolvementos incontrolados.

MEDIDAS PARA AFRONTAR A AMEAZA 2:

- Ter presente que a primeira pandemia aparecida na chamada “época da globalización” fixo comprender que a globalización implicaba tamén riscos e desafíos para a saúde e benestar global.
- Dar a coñecer e facer accesibles os novos coñecementos en benestar e saúde e adoptar as medidas necesarias para a súa implementación.
- Desenvolver intervencións de promoción da saúde e prevención da enfermidade cunha visión integral.
- Manter e reforzar as políticas públicas que alenten a adopción responsable de formas de vida saudable desde idades temperás, con especial énfase na actividade física e na alimentación que reduza o desperdicio de recursos naturais.
- Primar a integración dos coidados sociais e sanitarios. Primar a coordinación dos servizos sociosanitarios, incidindo na mellora de colaboración multinivel.
- Potenciar as políticas ambientais e de preservación da contorna, prestando atención a un uso sustentable do ciclo da auga.
- Liderar un plan de transición enerxética que fomente o uso de enerxías renovables e a eficiencia enerxética, garantindo un acceso universal a servizos enerxéticos económicos e fiables.
- Concienciar a sociedade acerca da relevancia da conservación do patrimonio natural.
- Atender ao impacto ambiental xerado polo crecemento urbano co obxectivo de limitar os efectos da súa pegada ecolóxica.
- Atender ao impacto ambiental que xera a modificación dos hábitos de consumo, especialmente os que teñen orixe na contratación electrónica.
- Apostar por unha xestión dos recursos pesqueiros e agropecuarios baseada na innovación e a sustentabilidade.
- Poñer en valor os subprodutos e residuos vencellados ao mar cunha dobre finalidade: medioambiental e de transformación dos residuos en produtos de alto valor engadido para a alimentación, farmacia, cosmética etc.

AMEAZA 3

3.- Impacto da pandemia nas variables demográficas e nos distintos grupos de idade.

Alza da mortalidade e da morbilidade específica como primeiro impacto, prevéndose que as reaccións demográficas poidan estenderse aos restantes compoñentes do crecemento natural (formación de parellas e fecundidade), e reflectirse no movemento migratorio e na estrutura por idades da poboación.

Carencia de datos, de momento, que permitan determinar o impacto da pandemia de Covid-19 sobre a fecundidade no contexto de morbilidade e mortalidade actual. Agárdase no curto prazo un descenso da fecundidade (xa moi baixo) debido á resposta da fecundidade aos shocks económicos e ao desemprego, e ao maior retraso na emancipación da mocidade, sumados ao clima de incerteza económica, e de toda índole, xerado pola pandemia.

Incremento da vulnerabilidade e da percepción de inseguridade. Dous factores condicionan a vulnerabilidade das poboacións: a estrutura da poboación e a exposición aos contaxios que poden producirse fóra e dentro do fogar. A actual pandemia está a pór en evidencia as vulnerabilidades dunha poboación en proceso de envellecemento aínda que se descoñece se vai alterar a tendencia xeral positiva da esperanza de vida.

Riscos de contaxios en relación coa estrutura dos fogares (das pautas de co-residencia da poboación e en especial da poboación maior) e das mesmas redes familiares. Nos fogares con máis membros o risco de contaxiarse dentro é maior (á súa vez este risco está modulado polo tamaño da vivenda e o número de habitacións).

MEDIDAS PARA AFRONTAR A AMEAZA 3:

- **Trasladar á sociedade que todas as persoas somos vulnerables (á enfermidade e ao illamento familiar e social) e que é fundamental a responsabilidade individual no colectivo, na busca do ben común.**
- **Trasladar á sociedade e facer ben visible que as actuais xeracións de persoas maiores de 65 anos están a revolucionar o perfil sociolóxico tradicional da vellez e a achegar benestar á rede familiar e social.**
- **Atender os efectos derivados da feminización da vellez. As mulleres teñen máis probabilidades de verse afectadas pola pobreza na vellez como consecuencia das inferiores taxas de emprego, máis interrupcións na carreira profesional e salarios máis baixos, e a ter recorrido en maior medida ao traballo a tempo parcial e ao traballo temporal. As pensións mensuais que perciben as mulleres sitúanse un terzo por baixo das dos homes, e a súa esperanza de vida é maior.**

- Deberíase ter en conta, á hora de tomar medidas para mitigar os efectos adversos da covid-19, como a estrutura por idades e os patróns de co-residencia condicionan a vulnerabilidade das poboacións diante da enfermidade. Medidas que non poden basearse exclusivamente en criterios de idade (a poboación relativamente nova pode contaxiar a persoas maiores dentro dos fogares e da rede familiar).
- Prestar atención ás diferenzas sociais e educativas no deseño de estratexias de envellecemento activo e saudable que non estean baseadas tanto no “facer” e dean prioridade á mellora das capacidades persoais e en conformar unha vida con sentido e significado

AMEAZA 4

4.- Consideración da conciliación como un tema que afecta só ás mulleres.

Fíxose patente no confinamento ocasionado pola pandemia que a dificultade para conciliar cando as fillas e /ou fillos estaban na casa cargou máis sobre as mulleres, co conseguinte impacto na súa vida laboral, persoal e social.

A sobrecarga sufrida polas mulleres neste tempo de pandemia débese ao problema de trasladar o traballo á casa sen unha asunción previa corresponsable dos coidados domésticos.

MEDIDAS PARA AFRONTAR A AMEAZA 4:

- Potenciar a educación para a igualdade en todos os niveis do ensino e desenvolver políticas que permitan a conciliación corresponsable da vida laboral, persoal e familiar.
- Valorar a importancia do coidado na reprodución social.
- Eliminar as trabas de promoción laboral ás que se enfrontan as mulleres en idade reprodutiva.

AMEAZA 5

5.- Impacto na gobernanza das restricións económicas derivadas da pandemia.

Hoxe máis que nunca cómpre situar no centro do debate político e cidadán a preocupación pola calidade de vida e o uso razoable dos recursos necesarios para o seu incremento.

Desaxustes anteriores entre todas as partes interesadas no deseño de políticas demográficas e na coordinación multinivel das administracións públicas.

Normativa que exclúe ou dificulta a participación do eido local no desenvolvemento de distintas competencias.

MEDIDAS PARA AFRONTAR A AMEAZA 5:

- Reforzar e mellorar a coordinación nos diferentes eidos da acción pública.
- Incentivar a participación de todas as partes interesadas no deseño das políticas demográficas.
- Instar a revisión normativa para garantir a participación activa da administración local na abordaxe do reto demográfico.
- Atender a demanda, previa á crise e máis urxente agora, dos profesionais dos campos sociosanitarios e de ciencia e investigación, da integración da sanidade e os servizos sociais ou cando menos unha estrita coordinación que se considera clave no modelo de benestar futuro. Para asegurar este modelo debería asumirse que a sanidade nun país é un investimento, non un gasto.
- Consolidar as políticas de igualdade e velar pola integración da perspectiva de xénero en todos os ámbitos como estratexia de desenvolvemento social e económico e elemento clave na dinamización demográfica.
- Aumentar e mellorar os stocks de capital físico e humano, así como a súa interrelación coa tecnoloxía e a súa aplicabilidade económica a través do emprendemento.
- Consolidar e fortalecer os sistemas públicos de educación, transporte, vivenda, sanidade e atención á dependencia, incidindo no seu tratamento integral e multidisciplinar.
- Racionalizar e optimizar os servizos públicos e deseñar un sistema que permita o seu sostemento a medio e longo prazo.
- Analizar a adecuación do gasto público á estrutura demográfica.

AMEAZA 6

6.- Insuficiente valoración dos beneficios da inmigración e do retorno.

Esquecer que a migración é a variable demográfica máis dependente do ciclo económico.

Non atender á importante dimensión territorial dos movementos migratorios en Galicia.

MEDIDAS PARA AFRONTAR A AMEAZA 6:

- Nestes momentos de pandemia faise aínda máis urgente aplicar unha política migratoria proactiva e asumir que o reto da diversidade en sociedades como a nosa non pode presentarse en termos dicotómicos (favor ou contra) e debe xestionarse como un recurso.
- Diseñar campañas de sensibilización que dean a coñecer os beneficios da inmigración e do retorno das persoas emigrantes e da súa descendencia.
- Favorecer a apertura da economía e da sociedade á entrada de inmigrantes.
- Garantir servizos de inclusión e integración social da poboación estranxeira. Consolidar as canles de acollida para persoas refuxiadas.

AMEAZA 7

7.- Crecente desarticulación ambiental derivada do actual modelo de conurbación difusa que conleva unha expansión da superficie ocupada por riba do crecemento da poboación.

Insuficiente coñecemento da incidencia dos fluxos de mobilidade que están a redefinir as funcións do espazo e as relacións interpersoais. As limitacións á mobilidade polas medidas anti covid visibilízanse no territorio, posiblemente aínda máis en Galicia onde a grande dispersión dos asentamentos de poboación tradicionais, a extensión da cidade difusa e o carácter policéntrico da rede urbana outórganlle un papel clave á mobilidade comarcal e supracomarcal.

Situación que así mesmo nos leva, por outra parte, a reconsiderar que as características dun núcleo non se poden abordar sen botar conta de como se integra no sistema de asentamentos do que forma parte.

Normativa que exclúe ou dificulta a participación do eido local no desenvolvemento de distintas competencias.

MEDIDAS PARA AFRONTAR A AMEAZA 7:

- **Incluír o modelo da “cuádruple hélice” na xestión territorial que potencie unha axenda integrada de transformación económica territorial baseada na I+D+i coa implicación de todos os axentes sociais, económicos, de coñecemento e da administración pública.**
- **Potenciar o acceso aberto á información e bases de datos sobre o territorio.**
- **Comprender o proceso de despoboamento no contexto do cambio rural en relación coa mobilidade espacial e a diversidade social.**
- **Considerar a funcionalidade do sistema de hábitat de baixa densidade e a súa capacidade de preservación do territorio. Cómpre decatármonos de que a dispersión do poboamento e os novos hábitos nun medio rural cada vez máis heteroxéneo son realidades que explican o notable incremento da mobilidade cotiá que por inadaptación da oferta de transporte público se recorre ao transporte privado.**
- **Corrixir as disfuncións na conectividade dixital das persoas físicas e xurídicas ao longo do territorio que poden impedir aproveitar eficientemente as oportunidades de desenvolvemento sustentable e de crecemento demográfico.**
- **Avanzar na redefinición dun escenario no que se concibe a análise das poboacións rurais mais alá do cativo marco local de relacións, situando os suxeitos obxecto de estudo na súa propia dinámica de interacción nunha sociedade total eminentemente urbana. Co que implica así mesmo hoxe de inserción nunha sociedade global informacional.**

DAFO/CAME FORTALEZAS

FORTALEZA 1

1.-“Democratización da supervivencia”.

Máis da metade das persoas nadas chega a cumprir os 65 anos de idade. Crecente esperanza de vida. Niveis moi baixos de mortalidade infantil. Cada vez é maior o número de persoas que superan os 85 anos.

Faise preciso sinalar a resiliencia mostrada pola poboación e en especial pola poboación maior nestes tempos nosos actuais nos que a pandemia do coronavirus está sacando á luz, e mesmo agudizando, algunhas das tendencias entrañadas nas sociedades, prestándolles unha visibilidade da que carecerían ou non se percibía antes en toda a súa dimensión. As escasas, polo momento, enquisas realizadas a persoas maiores acerca da súa vivencia da pandemia déixannos unha lección: a do valor das fortalezas persoais na vellez, a transcendencia dos recursos persoais para afrontar as situacións de fragilidade e vulnerabilidade.

MEDIDAS PARA MANTER A FORTALEZA 1:

- Manter e reforzar as políticas públicas que alenten a adopción responsable de formas de vida e alimentación saudables desde idades temperás.
- Promover novos modelos de saúde que axuden a mellorar a atención á cronicidade, ofrecendo ás e aos pacientes a continuidade dos coidados en conexión cos servizos sociais. O 45% das e dos pacientes galegos maiores de quince anos teñen unha enfermidade crónica
- Instalación de servizos de atención integrados no fogar. Preparar as persoas maiores para o uso das novas tecnoloxías.
- Prestar atención a que o aumento da esperanza de vida ocorrido nas últimas décadas determinou que o interese non se centre só no aumento dos anos de vida, se non en saber se tal aumento se produce con anos en boa saúde ou, polo contrario, a costa dun aumento da morbilidade e da mala saúde.
- Prestar especial coidado aos problemas de saúde mental derivados da pandemia.

FORTALEZA 2

2.- A familia, en tanto que institución, mantén unha gran vitalidade e variedade de formas á vez que permanece como ámbito de seguridade, apoio e axuda para os seus membros, mostrándose capaz de incorporar traxectorias vitais máis complexas.

As redes familiares funcionan aínda que non se resida no mesmo fogar. Pais e nais e avoas e avós dan unha axeitada continuidade á familia, prestándolle o seu apoio. A mocidade valora cada vez máis a convivencia interxeracional.

MEDIDAS PARA MANTER A FORTALEZA 2:

- Apoiar e promover o libre desenvolvemento das familias.
- Promover condicións políticas, sociais e económicas que favorezan o libre exercicio do dereito á reprodución.

FORTALEZA 3

3.- Cada vez máis os valores de corresponsabilidade son asumidos por mulleres e homes, especialmente pola xuventude.

MEDIDAS PARA MANTER A FORTALEZA 3:

- Reforzar as relacións interxeracionais para a construción dunha sociedade máis inclusiva en termos de equidade e xustiza
- Seguir promovendo unha educación en igualdade e consolidar a tendencia social favorable respecto da corresponsabilidade.

FORTALEZA 4

4.- As actuais xeracións de persoas maiores de 65 anos están a revolucionar o perfil sociolóxico tradicional da vellez e a achegar benestar á rede familiar e social.

MEDIDAS PARA MANTER A FORTALEZA 4:

- Visibilizar o papel das persoas maiores como motor de cambio e a súa contribución ao benestar familiar e promover o seu empoderamento.

FORTALEZA 5

5.- A existencia de sistemas públicos de educación, de sanidade e de atención á dependencia.

MEDIDAS PARA MANTER A FORTALEZA 5:

- Consolidar e fortalecer os sistemas públicos de educación, sanidade e atención á dependencia incidindo na coordinación e no seu tratamento integral e multidisciplinar que permita superar as eivas que a pandemia está a facer máis patentes; sen esquecer as iniciativas privadas nestes mesmos sectores.

FORTALEZA 6

6.- Conciencia cidadá das potencialidades de Galicia en relación á calidade de vida se se atende proactivamente a un desenvolvemento verde e sustentable.

MEDIDAS PARA MANTER A FORTALEZA 6:

- Potenciar as políticas medioambientais e de preservación da contorna.
- Potenciar a identificación da imaxe de Galicia con calidade de produto.

FORTALEZA 7

7.- Capital humano moi formado. Grandes potencialidades do sistema galego de investigación.

A metade da poboación de entre 25 e 34 anos ten educación terciaria.

Taxa de participación en educación aos 18 anos moi elevada.

Niveis de formación académica superiores ao conxunto de España e da UE. Baixa taxa de abandono escolar temperán.

Alta taxa de finalización de estudos na idade obrigatoria.

Elevada taxa de mozos e mozas con nivel alto de competencias dixitais

MEDIDAS PARA MANTER A FORTALEZA 7:

- Manter e reforzar o gasto público en educación e investigación.
- Favorecer a integración laboral dos mozos e mozas a través de políticas activas de emprego específicas.
- Estimular a creatividade e o emprendemento.
- Impulsar a cultura innovadora no tecido empresarial, na universidade, nas administracións públicas e en todos os ámbitos relacionados coa xeración do coñecemento.

DAFO/CAME OPORTUNIDADES

OPORTUNIDADE 1

1.- A preocupación demográfica está na axenda política e na conciencia social.

A abordaxe do reto demográfico está a lograr un marco de consenso. Aproveitar o feito de que coa pandemia, o vínculo entre estruturas demográficas, por unha banda, e efectos da crise e potencial de recuperación, por outro, quedou patente de maneira moi acusada.

Outra das leccións que nos depara esta situación é a de confirmarnos que vivimos nunha comunidade interdependente, con ou sen crise sanitaria, e que o noso benestar e as nosas propias vidas son produto da vida política que compartimos. Esta confirmación, sumada á crecente complexidade e incerteza do contexto, esíxenos fortes doses de compromiso e acceso a información de calidade.

A actual crise sociosanitaria puxo en cuestión as nosas formas de vida e descubriunos que o virus se aproveita das nosas debilidades biolóxicas pero tamén das debilidades sociais.

MEDIDAS PARA EXPLOTAR A OPORTUNIDADE 1:

- **Alentar medidas que favorezan a implicación de toda a sociedade na abordaxe consensuada do reto demográfico e dos efectos da actual pandemia para o establecemento de políticas estables que permitan resultados a medio e longo prazo.**

OPORTUNIDADE 2

2.- Galicia está a participar activamente, a nivel español e da UE, en foros que permiten trasladar as necesidades vinculadas ás peculiaridades da súa dinámica demográfica.

MEDIDAS PARA EXPLOTAR A OPORTUNIDADE 2:

- Aproveitar as sinerxías do traballo desenvolvido nos distintos foros e avanzar na coordinación entre as distintas administracións para facer fronte aos retos do cambio demográfico.
- Aliñamento coa visión a longo prazo para o desenvolvemento das zonas rurais que está a elaborar a Comisión Europea e coa axenda española do reto demográfico.

OPORTUNIDADE 3

3.- Preocupación crecente polos temas de benestar e saúde que se está a incrementar coa actual crise sanitaria e social.

MEDIDAS PARA EXPLOTAR A OPORTUNIDADE

- Considerar a variedade de facetas e dimensións que abarca a idea de calidade de vida ao non limitarse a aspectos directamente vinculados á capacidade de consumo ou á riqueza das familias (como a renda media dos fogares ou o valor do seu patrimonio inmobiliario), incorporando aspectos como as condicións de saúde da poboación, o dinamismo do mercado local de traballo, a presenza ou non de bolsas de pobreza e marxinación social, a seguridade cidadá, as posibilidades ofrecidas polo uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións na relación entre a cidadanía e a administración local, e os tempos requiridos para os desprazamentos desde o lugar de residencia ao de traballo.

OPORTUNIDADE 4

4.- Interese crecente en torno aos temas que abordan a relación entre a poboación e a sustentabilidade.

Atención por parte das administracións públicas e das universidades pola “economía circular”.

Seguir a recomendación da UE: Manter o centro de atención na dobre transición ecolóxica e dixital ha contribuír a aportar moitas das solucións innovadoras e sustentables que precisamos para facerlle fronte aos efectos do cambio demográfico e da actual pandemia.

MEDIDAS PARA EXPLOTAR A OPORTUNIDADE 4:

- Situar no centro do debate político e cidadán a preocupación pola calidade de vida e o uso razoable dos recursos necesarios para o incremento desta.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades, ecolóxicas e sustentables, que aproveiten os recursos culturais e patrimoniais.
- Dotar de máis peso as medidas destinadas aos pagamentos ambientais e por servizos ecosistémicos.
- Aproveitar a rastrexabilidade dos produtos ecolóxicos de calidade fomentando, priorizando e promocionando a agricultura ecolóxica, a economía circular de produción e o consumo de proximidade, con especial énfase no abastecemento da alimentación vinculada a servizos públicos.
- Desenvolver actuacións específicas ligadas ao mantemento de actividades necesarias para a conservación de certos tipos de hábitats.

OPORTUNIDADE 5

5.- As políticas de igualdade demostran ser efectivas a nivel socioeconómico e demográfico. A conciliación, a corresponsabilidade e a necesidade de racionalización de horarios están agora máis presentes na axenda pública.

MEDIDAS PARA EXPLOTAR A OPORTUNIDADE 5:

- Urxe, nas novas situacións que se están a dar, consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan facer compatibles os ámbitos profesional, persoal e familiar das súas vidas.
- Consolidar as políticas de igualdade e mellorar a integración da perspectiva de xénero en todos os ámbitos como estratexia de desenvolvemento social e económico e elemento clave na dinamización demográfica.
- Diseñar políticas educativas en todas as etapas para que fomenten a igualdade de xénero e orienten ás persoas cara o seu pleno desenvolvemento persoal e profesional segundo as súas capacidades e non polo xénero co que se identifican na sociedade

OPORTUNIDADE 6

6.- Implementar políticas públicas que propicien a integración da información interadministrativa e coa sociedade civil, aproveitando as sinerxías de tal colaboración.

A UE está a demandar un sistema integrado de información que permita dispor de datos en tempo real.

MEDIDAS PARA EXPLOTAR A OPORTUNIDADE 6:

- Implementar políticas públicas que propicien a integración da información interadministrativa e coa sociedade civil, aproveitando as sinerxías de tal colaboración.

OPORTUNIDADE 7

7.- O recoñecemento público e político do traballo non remunerado das mulleres.

Os novos modelos de masculinidade en relación coa toma de decisións, a organización familiar e as tarefas de coidado.

MEDIDAS PARA EXPLOTAR A OPORTUNIDADE 7:

- Afondar na consideración e valoración do traballo non remunerado no conxunto da economía para a formulación e deseño de políticas socioeconómicas e demográficas, e traballar os novos modelos de masculinidade a través da coeducación en todos os niveis educativos.

OPORTUNIDADE 8

8.- Potencialidade do envellecemento activo e saudable, en especial na contorna habitual das persoas, en relación coa creación de emprego a partir da análise do envellecemento desde a perspectiva da innovación, na atención e os coidados ata a economía prateada ou “silver economy”.

MEDIDAS PARA EXPLOTAR A OPORTUNIDADE 8:

- Promover a valoración social da vellez como etapa ou etapas de vida e a promoción das persoas maiores.
- Divulgar os avances en coñecemento, innovación e procesos produtivos no campo do envellecemento activo e saudable.
- Visualizar a potencialidade do envellecemento activo e saudable na xeración de actividade económica e na configuración dun modelo territorial máis policéntrico

OPORTUNIDADE 9

9.- Desenvolvemento de novos sectores produtivos vinculados á explotación de recursos endóxeos.

Crecente percepción do rural como signo de modernidade para o seu uso residencial.

MEDIDAS PARA EXPLOTAR A OPORTUNIDADE 9:

- Potenciar os factores de natureza institucional, laboral, cultural e de comunicacións e o tecido industrial local xa existente para mobilizar os recursos endóxeos.
- Promover unha mellor regulación normativa que facilite o acceso ao solo agrario, coa redución da burocracia e o incremento da oferta de terras dispoñibles, e unha política de beneficios fiscais tanto para vivir como para realizar actividades económicas no rural, con especial fincapé no teletraballo.

OPORTUNIDADE 10

10.- Atención, acrecentada coa pandemia, ao desenvolvemento da innovación e da tecnoloxía en todos os campos.

Existencia de programas europeos específicos para a transición dixital.

MEDIDAS PARA EXPLOTAR A OPORTUNIDADE 10:

- Fomentar as iniciativas emprendedoras dende os niveis iniciais do sistema educativo potenciando o seu tratamento transversal entre as diferentes materias.
- Potenciar as sinerxías entre administración, universidade, empresa e sociedade.
- Mellorar e adaptar o contido do servizo universal de telecomunicacións ás necesidades e demandas da poboación, con especial atención ao rural.
- Impulsar a transferencia da tecnoloxía e da innovación: teletraballo, e-comercialización, e-servizos (telemedicina, teleformación), e-administración.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE POLÍTICA
SOCIAL



Xacobeo 21·22